

2

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación

2.1.

Actividade, ocupación e desemprego

O incremento do 2,8% da actividade económica galega reflectiuse de xeito positivo no mercado de traballo atendendo ao incremento da poboación ocupada por cuarto ano consecutivo e ao descenso da poboación parada por quinto ano consecutivo. En termos absolutos, a ocupación aumenta en 24.900 persoas respecto ao ano anterior, e o desemprego descende en 29.700 persoas. Asemade, continúa a caída da poboación activa, cifrando no último ano este descenso en 4.800 persoas.

Se se considera a evolución do emprego segundo os datos do rexistro no servizo público de emprego, as afiliacións medraron no último ano en torno a 23.700 persoas e o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego descendeu en case 19.800 persoas respecto ao ano anterior.

A pesar da ralentización do crecemento do PIB galego, os tres indicadores da ocupación presentan taxas de crecemento interanuais superiores aos do ano anterior. Dunha banda, tanto a poboación ocupada estimada pola EPA como as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social medran un 2,4% (1,2% e 2,1%, respectiva-

mente, no ano anterior), as taxas de variación interanual máis elevadas dende a crise económica. Doutra, as contas económicas de Galicia reflecten un crecemento interanual do 1,9% nos postos de traballo equivalentes a tempo completo (1,8% en 2017), porcentaxe tan só inferior á estimada no ano 2016.

A poboación parada estimada pola EPA descende no último ano un 15,2% e o desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego un 10,1%, as porcentaxes máis acusadas dende a recuperación económica. Tendo en conta as maiores dificultades de empregabilidade das persoas desempregadas de longa duración e o das maiores de 45 anos, cómpre resaltar o importante descenso en ambos os dous casos, reducíndose en 25.100 persoas no primeiro caso e en 10.300 entre as persoas maiores de 45 (25,6% e 21,3%, respectivamente).

Con todo, estes datos positivos deben matizarse tendo en conta que tal como ven acontecendo ao longo dos últimos seis anos, o incremento do PIB en Galicia non consegue frear o descenso da poboación activa. En 2018 esta redución foi do 0,4% respecto ao ano ante-

Mercado de traballo 2008-18: principais indicadores

	2008	2016	2017	2018	18/17	18/08
	(en miles de persoas)				(%)	
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	957,5	977,7	1.001,4	2,4	-6,6
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.349,8	2.341,9	2.334,0	-0,3	-2,8
Poboación activa	1.314,8	1.256,1	1.248,3	1.243,5	-0,4	-5,4
Poboación ocupada	1.201,2	1.040,6	1.052,7	1.077,6	2,4	-10,3
Poboación parada	113,6	215,4	195,6	165,9	-15,2	46,0
Poboación parada moi longa duración (1)	14,7	93,6	80,5	59,2	-26,5	303,4
	(%)				(puntos porcentuais)	
Taxa de actividade	54,8	53,5	53,3	53,3	-0,0	-1,5
Taxa de ocupación	50,0	44,3	45,0	46,2	1,2	-3,9
Taxa de paro	8,6	17,1	15,7	13,3	-2,3	4,7
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	40,3	34,5	32,5	-2,0	11,5
Taxa de temporalidade (%)	30,4	26,2	27,0	26,6	-0,4	-3,8
	(en miles de persoas)				(%)	
Paro rexistrado	162,5	212,6	194,4	174,7	-10,1	7,5
Contratos iniciais indefinidos	46,4	45,2	49,6	55,4	11,7	19,3
Contratos iniciais temporais	706,1	897,2	970,0	983,5	1,4	39,3
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	28,5	33,4	43,1	29,1	3,5

(1) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.1.1.

rior, o que supón unha caída de 4.800 persoas activas. Asemade, cómpre destacar que os devanditos tres indicadores de ocupación seguen a amosar taxas de crecemento inferiores aos da media estatal.

A evolución da poboación activa e a mellora da ocupación en Galicia derivan nunha mellora da taxa de paro, que descende ata o 13,3% (15,3% en España), case dous puntos e medio inferior á estimada en 2017.

En relación aos obxectivos da Estratexia Europa 2020 en materia de emprego, a taxa de ocupación para a poboación de 20 a 64 anos mantén a tendencia ascendente iniciada en 2014, situándose en Galicia no ano 2018 no 66,7% segundo os datos de Eurostat, porcentaxe inferior ao rexistrado tanto no conxunto do Estado (67%) como na UE-28 (73,1%). En relación ao obxectivo do 74% fixado por España para o ano 2020 (75% no caso da UE), 2018 presenta o menor diferencial dende o ano 2009, situándose 7,3 puntos por baixo no último ano, a metade do experimentado en 2013 (5,6 puntos por baixo en 2008). Entre os homes, a taxa de ocupación ascende a 70,1% (73,1% en España e 78,9% na Unión Europea), en tanto que no caso das mulleres esta taxa acada un valor de 63,4% (61% en España e 67,4% na UE).

Asemade, hai que considerar tamén a taxa de abandono escolar temperá e a porcentaxe da poboación de 30-34 anos con estudos terciarios como indicadores da Estratexia 2020 relacionados co emprego, se ben nesta memoria son tratados á hora de analizar o ámbito educativo. Non obstante, cómpre indicar que Galicia cumpre xa co obxectivo de elevar ata o 40% da poboación de 30 a 34 con estudos terciarios indicado para a UE e o 44% para España, situándose en 2018 no 46,1%. Por contra, a taxa de abandono temperá sitúase en Galicia no 14,3%, porcentaxe que se sitúa por riba do obxectivo fixado para a UE (10%) como para España (15%).

Afiliações á Seguridade Social

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia superou o millón de persoas no ano 2018, acadando 1.001.430 afiliacións en alta na Seguridade Social, o que supón un incremento interanual do 2,4% (23.736 afiliacións máis). Este crecemento segue a ser inferior ao rexistrado no conxunto estatal, que presenta unha medra do 3,1%.

Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise económica en 2008, as afiliacións descenden en Galicia

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-18 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,7
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,7
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,7
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,6
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.299,5	5,6
2014	921,8	393,9	115,0	98,2	314,8	16.556,0	5,6
2015	941,2	402,6	116,8	99,2	322,6	17.087,3	5,5
2016	957,5	410,0	118,4	99,9	329,2	17.600,8	5,4
2017	977,7	419,0	119,9	101,0	337,7	18.222,5	5,4
2018	1.001,4	428,1	121,9	102,5	348,9	18.787,4	5,3
	(taxas de variación interanual)						
18/17	2,4	2,2	1,6	1,5	3,3	3,1	
18/08	-6,6	-4,0	-8,5	-8,0	-8,7	-1,1	

(1) datos anuais: en medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.1.2.

de xeito continuada ata o ano 2013, ano en que a economía galega sae da súa segunda recesión. Entre os dous anos considerados, as afiliacións descenden en máis de 155.000 persoas (5,7% do total español), o que representa unha taxa de variación media anual acumulativa do -3,1%, porcentaxe similar ao do conxunto do Estado (-3,0%). Dende ese ano 2013 ata a actualidade, a capacidade de recuperación do emprego en Galicia, medida en termos de taxa de variación media anual acumulativa, é sensiblemente inferior á do conxunto do Estado, acadando o 1,8% en Galicia fronte ao 2,9% de media en España. En termos absolutos, ao longo dos anos de recuperación económica as afiliacións medraron en Galicia en 84.100 afiliacións (3,4% do total español).

Máis das tres cuartas partes do total de afiliacións en Galicia está concentradas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, acollendo A Coruña o 42,7% das afiliacións e Pontevedra o 34,8% (**cadro 2.1.2.**). Desagregando por concellos, o número de afiliados nos sete grandes concellos de Galicia en termos poboacionais (A Coruña, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo e Ferrol) mantense estable nos últimos anos en torno ao 37% da afiliación galega, sendo os concellos de Vigo e A Coruña, con 105.508 e 87.524,

respectivamente, a 31 de decembro de 2018 os de maior afiliación en Galicia.

Tendo en conta o forte impacto da crise no sector da construción e na industria, a provincia de Pontevedra foi a que sufriu o maior perda de afiliacións tanto en termos absolutos como relativos. Entre os anos 2008 e 2013, as afiliacións en alta laboral na Seguridade Social descendieron nesta provincia en 68.700 persoas, o que representa unha caída media anual do 3,9%. As outras tres provincias galegas presentan nese período de tempo un descenso interanual inferior á media española, sendo esta caída do 2,9% en Lugo de en torno ao 2,5% en Ourense e A Coruña.

Nos últimos cinco anos, as catro provincias galegas incrementan o volume de afiliados á Seguridade Social, sendo Pontevedra a que o fai a un maior ritmo, cunha variación media anual do 2,2%, por diante de A Coruña, cun 1,8%, e Lugo e Ourense, cun 1,2% e 0,9%, respectivamente. En termos absolutos, entre os anos 2013 e 2018 as afiliacións medraron en 36.900 persoas na provincia de A Coruña, sendo esta medra de 35.600 afiliacións en Pontevedra. En Lugo e Ourense, os incrementos ascenderon a 7.000 e 4.600 afiliacións máis.

Afiados en alta laboral na Seguridade Social 2008-18 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime


	2008	2013	2017	2018	18/17
					(%)
Total	1.077.918	917.355	977.694	1.001.430	2,4
Réxime Xeral (2)	790.747	681.384	741.810	767.355	3,4
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	649.550	708.998	734.647	3,6
S.E. Agrario	-	4.455	5.367	5.554	3,5
S.E.E. Fogar	-	27.379	27.445	27.154	-1,1
Réxime Especial Autónomos	236.669	213.870	214.563	212.808	-0,8
non S.E.T.A	..	182.686	188.696	188.097	-0,3
S.E.T.A	..	31.184	25.867	24.711	-4,5
Réxime Especial Agrario	4.480	-	-	-	-
conta allea	4.480	-	-	-	-
conta propia	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	22.100	21.320	21.268	-0,2
conta allea	14.385	12.469	11.805	11.768	-0,3
conta propia	11.178	9.632	9.515	9.499	-0,2
Réxime Minería e Carbón	41	-	-	-	-
Réxime Especial Empregados Fogar	20.417	-	-	-	-
Continuos	12.332	-	-	-	-
Discontinuos	8.086	-	-	-	-

(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)

Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.3.

Afiacións á Seguridade Social 2008-18 ⁽¹⁾: distribución segundo sectores de actividade

(1) taxas de variación das medias anuais CNAE 2009

Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.4.

Afiliações á Seguridade Social 2017-18: distribución segundo principais ramas de actividade ⁽¹⁾

	2017		2018		18/17
	(número)	(%)	(número)	(%)	
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	107.494	10,8	106.948	10,7	-0,5
56 Servizos de comidas e bebidas	66.262	6,6	67.406	6,8	1,7
86 Actividades sanitarias	59.342	5,9	60.744	6,1	2,4
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	57.349	5,7	58.793	5,9	2,5
43 Actividades de construción especializada	46.355	4,6	48.384	4,8	4,4
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.585	4,8	48.207	4,8	1,3
85 Educación	41.938	4,2	44.450	4,5	6,0
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	37.645	3,8	36.926	3,7	-1,9
49 Transporte terrestre e por tubaxe	31.740	3,2	32.623	3,3	2,8
10 Industria da alimentación	29.116	2,9	29.668	3,0	1,9
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	27.924	2,8	27.587	2,8	-1,2
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	26.227	2,6	26.851	2,7	2,4
41 Construción de edificios	22.860	2,3	23.432	2,3	2,5
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.858	2,2	22.170	2,2	1,4
96 Outros servizos persoais	18.742	1,9	19.173	1,9	2,3
03 Pesca e acuicultura	18.909	1,9	18.811	1,9	-0,5
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	15.428	1,5	16.098	1,6	4,3
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.030	1,4	14.859	1,5	5,9
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.706	1,4	13.854	1,4	1,1
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	12.712	1,3	13.600	1,4	7,0
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	12.460	1,2	12.845	1,3	3,1
78 Actividades relacionadas co emprego	11.500	1,2	12.564	1,3	9,3
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	11.568	1,2	12.394	1,2	7,1
87 Asistencia en establecementos residenciais	11.020	1,1	11.662	1,2	5,8
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.626	1,1	11.324	1,1	6,6
Subtotal (ramas con máis de 10.000 afiliacións)	774.396	77,6	791.373	79,3	2,2
Total	973.812	100	997.776	100	2,5

(1) ramas CNAE 2009;

Fonte: IGE, Afiliações á Seguridade Social

2.1.5.

No concernente á distribución segundo réxime, as afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,6% das afiliacións galegas en 2018, aumentaron un 3,4% en relación ao ano anterior, acadando as 767.355 persoas afiliadas (**cadro 2.1.3.**). Por contra, as afiliacións ao réxime especial de autónomos volven a descender no último ano, rexistrándose unha taxa interanual negativa do 0,8%, reducíndose nun 0,2% no caso dos afiliados no réxime especial do mar. No último ano o réxime especial de autónomos contaba con 212.808 afiliacións, o 21,3% do total, aollendo o réxime especial do mar as 21.268 afiliacións restantes (2,1%). Todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanual negativas neste réxime de autónomos sendo Ourense e Lugo as que presentan un peor comportamento, cunha caída das afiliacións do 2,4% e 1,6%, respectivamente. Esta evolución contrasta co crecemento interanual do 1,1% nas afiliacións no conxunto do Estado.

O aumento en case 24.000 afiliacións acaecido en Galicia no último ano explícase fundamentalmente pola evolución do sector servizos, que incrementa o seu volume de afiliación en máis de 17.500 persoas. Segundo os datos de afiliacións no último día de cada mes, o sector terciario acada en 2018 un total de 716.160 afiliacións (2,5% máis que no ano anterior), manténdose como o único sector de actividade que presenta unha situación mellor que antes da crise económica. O sector industrial, tras catro anos consecutivos de incremento, rexistra en 2018 un total de 144.364 afiliacións, 4.170 máis que no ano anterior, o que representa un 17,9% menos que no ano 2008. A construción segue a mesma tendencia que o conxunto das ramas industriais e, tras unha medra interanual do 3,8%, acada as 76.160 persoas afiliadas, cifra que é un 44,9% inferior á rexistrada ao comezo da crise. O sector primario continúa experimentando unha redución de afiliacións

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2018: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	2.334,0	1.243,5	1.077,6	165,9	149,8	16,1	1.090,5	53,3	46,2	13,3
A Coruña	967,6	530,1	465,3	64,8	58,6	6,3	437,5	54,8	48,1	12,2
Lugo	291,3	150,6	136,7	13,8	12,5	1,4	140,7	51,7	46,9	9,2
Ourense	271,0	130,1	112,2	17,9	16,5	1,4	141,0	48,0	41,4	13,8
Pontevedra	804,1	432,7	363,4	69,3	62,3	7,0	371,4	53,8	45,2	16,0
España	38.886,8	22.806,8	19.327,7	3.479,1	3.126,1	353,1	16.079,9	58,6	49,7	15,3
Galicia / España	6,0	5,5	5,6	4,8	4,8	4,6	6,8	(puntos porcentuais)		
18/17										
Galicia	-0,3	-0,4	2,4	-15,2	-15,6	-11,5	-0,3	- 0,0	1,2	- 2,3
España	0,6	0,3	2,7	-11,2	-10,8	-14,0	1,1	- 0,2	1,0	- 2,0

Homes

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.116,2	642,1	562,6	79,5	72,9	6,6	474,1	57,5	50,4	12,4
A Coruña	460,0	272,3	240,0	32,3	29,1	3,1	187,7	59,2	52,2	11,9
Lugo	140,8	78,3	72,3	5,9	5,7	0,2	62,5	55,6	51,3	7,5
Ourense	130,0	67,0	58,7	8,3	7,8	0,5	63,0	51,5	45,2	12,4
Pontevedra	385,5	224,6	191,6	33,0	30,2	2,7	161,0	58,3	49,7	14,7
España	18.908,8	12.206,6	10.532,0	1.674,6	1.509,4	165,2	6.702,2	64,6	55,7	13,7
Galicia / España	5,9	5,3	5,3	4,7	4,8	4,0	7,1	(puntos porcentuais)		
18/17										
Galicia	-0,4	-1,0	2,1	-18,3	-18,4	-18,5	0,4	- 0,4	1,2	- 2,6
España	0,6	0,3	2,6	-12,1	-11,7	-15,8	1,1	- 0,2	1,1	- 1,9

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.217,8	601,4	515,0	86,4	76,9	9,4	616,4	49,4	42,3	14,4
A Coruña	507,7	257,9	225,3	32,5	29,4	3,1	249,8	50,8	44,4	12,6
Lugo	150,5	72,3	64,4	7,9	6,8	1,1	78,2	48,0	42,8	10,9
Ourense	141,1	63,1	53,5	9,6	8,7	0,9	78,0	44,7	37,9	15,2
Pontevedra	418,5	208,1	171,8	36,3	32,1	4,3	210,4	49,7	41,1	17,4
España	19.978,0	10.600,3	8.795,8	1.804,6	1.616,7	187,9	9.377,7	53,1	44,0	17,0
Galicia / España	6,1	5,7	5,9	4,8	4,8	5,0	6,6	(puntos porcentuais)		
18/17										
Galicia	-0,3	0,3	2,7	-12,1	-12,7	-7,8	-0,8	0,3	1,2	- 2,0
España	0,6	0,3	2,8	-10,3	-10,0	-12,4	1,0	- 0,2	0,9	- 2,0

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.6.


ano tras ano dende 2008, acadando no último ano un total de 60.240 afiliacións, un 25,7% menos que no ano 2008.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, as 25 ramas que en 2018 teñen máis de 10.000 afiliados acollen o 79,3% da afiliación en Galicia, porcentaxe similar á do ano anterior (79,5%). O “comercio

ao retalto, salvo de vehículos de motor e motocicletas” é a rama cun maior número de afiliacións, con 106.948 no último ano (10,7% do total galego), por diante dos servizos de comidas e bebidas, con 67.406 afiliacións (6,8%), e as actividades sanitarias, con 60.744 afiliacións (6,1%).

Tal e como reflicte o **cadro 2.1.5.**, as actividades que

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-18: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

2.1.7.

presentan un maior incremento de afiliacións son as correspondentes a educación, con 2.512 afiliacións máis que no ano anterior, e as actividades de construción especializada, con 2.029 afiliacións. No extremo oposto, a caída de afiliacións máis importante en termos absolutos prodúcese novamente na rama de “agricultura, gandería, caza e servizos relacionados”, con 719 afiliacións menos. A diferenza do acontecido dende o comezo da recuperación económica, o subsector de comercio ao retalto, salvo de vehículos de motor e motocicletas, presenta unha caída de 546 afiliacións.

Emprego segundo a EPA

En media anual, o mercado de traballo en Galicia mantén a tendencia positiva dos últimos catro anos, acadando un incremento na ocupación de 24.900 persoas e un descenso na poboación parada de 29.700 persoas. Con todo, estes datos positivos deben matizarse dado o descenso estrutural da poboación activa, que no último ano foi de 4.800 persoas.

• Poboación activa

Galicia presenta dende o ano 2013 un descenso pau-

latino na súa poboación activa, reducíndose en 2018 en 4.800 persoas respecto ao ano anterior (-0,4%). No último ano o número de activos sitúase en 1.243.500 persoas, dos que 642.100 son homes e 601.400 mulleres. Ao igual que acontece no ano anterior, o devandito descenso no volume de poboación activa galega concéntrase no sexo masculino, con 6.500 homes activos menos (-1,0%), e entre as persoas de nacionalidade española, con 9.800 persoas menos (-0,8%). Fronte a este descenso, a poboación activa feminina medra en 1.700 persoas (0,3%), en tanto que no caso da poboación estranxeira, este incremento foi de 5.000 persoas (9,0%).

Dende o comezo da crise económica, a poboación activa galega reduciuse en 71.300 persoas, o que supón un descenso medio anual do 0,6%, porcentaxe significativamente superior ao do conxunto do Estado (-0,1%). Tanto a poboación activa masculina como feminina presenta en Galicia unha evolución peor que a media estatal, rexistrándose no citado período unha caída media anual da poboación activa masculina do 1,2% en Galicia (83.500 activos menos) fronte ao -0,7% de media en España, en tanto que no caso das mulleres a poboación activa medra un 0,2% (12.300 mulleres

máis) fronte ao incremento do 0,6% no Estado.

A perda de poboación activa en Galicia concéntrase nos grupos de idade comprendida entre os 20 e 39 anos. A diferenza do acontecido no ano anterior, en termos absolutos o maior descenso prodúcese na franxa de idade de 35 a 39 anos, con 8.500 activos menos (-4,7%), en tanto que en termos de variación interanual, a caída máis acusada prodúcese entre as persoas de 20 a 24 anos, cunha redución do 8,9% (4.800 persoas activas menos). Este mesmo comportamento rexístrase no caso dos homes como das mulleres, onde o descenso da poboación activa entre 35 e 39 anos foi de 4.900 e 3.600 persoas, respectivamente (**cadro 2.1.8.**).

Por contra, a poboación activa aumenta entre as persoas maiores de 40 anos, sendo esta medra de 7.700 entre as persoas maiores de 55 anos (6.000 homes) e de 6.200 persoas activas entre aquelas cunha idade comprendida entre 45 a 54 anos (5.800 mulleres).

A taxa de actividade, entendida como o cociente entre o número total de activos e o total da poboación de 16 e máis anos, mantense practicamente constante no ano 2018, situándose no 53,3%. Esta taxa acada o seu valor máis reducido en toda a serie analizada (**gráfico 2.1.7.**), situándose 5,4 puntos inferior á media estatal (58,7%). A taxa de actividade feminina segue a ser notablemente inferior á masculina, con taxas do 49,4% e 57,5%, respectivamente, o que supón un diferencial de 8,1 puntos porcentuais, e metade da existente en 2008.

As entradas á actividade no ano último, medidas a través da Enquisa de fluxos da poboación activa, descendieron, de media, ata as 57.600 persoas, cifra inferior en 500 persoas ás estimadas para o ano 2017. Por outra banda, un total de 58.100 persoas saíron da actividade en 2018, fronte ás 57.900 que o fixeron no ano anterior (200 máis).

O fluxo total de entrada á ocupación sitúase de media no ano 2018 en 58.700 persoas, cifra inferior en 2.800 á do ano anterior. Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación descendeu ata as 53.000 persoas, o que supón 4.300 menos que no conxunto do ano 2017.

O número de persoas que estaban paradas en 2017 e que xa non o están é de 72.400 persoas, cifra inferior en 1.800 persoas á do ano anterior. Así mesmo o fluxo de entradas ao paro acada ás 66.200 persoas, 4.000 menos que en 2017.

• Poboación ocupada

A ralentización no ritmo de crecemento do PIB galego no conxunto do ano 2018 non se traslada directamente ao mercado de traballo, ao experimentar unha medra da ocupación do 2,4%, o dobre do estimado no conxunto do ano anterior, o que a sitúa como a taxa de variación máis elevada dende o comezo da recuperación. Tras esta evolución, a poboación ocupada en Galicia ascende no último ano a 1.077.600 persoas, 24.900 máis que no ano anterior. Ao igual que acontece nos anos anteriores, o mercado laboral en España presenta un mellor comportamento en termos de creación de emprego, estimándose unha taxa interanual do 2,7%, tres décimas máis que en Galicia.

Tanto en termos absolutos como relativos, o incremento da poboación ocupada volve a ser superior no caso das mulleres que entre os homes. No último ano, a ocupación feminina medra en Galicia en 13.600 persoas (2,7%) fronte ás 11.400 persoas no caso da ocupación masculina (2,1%). Ao igual que no ano anterior, o dinamismo da ocupación en Galicia é inferior ao do conxunto do Estado tanto no caso dos homes como das mulleres, ao rexistrar unha medra do 2,6% e 2,8%, respectivamente. No ano 2018 a taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de ocupados e a poboación en idade de traballar, aumenta ata o 46,2% (45% no ano anterior). Esta taxa ascende ao 50,4% no caso dos homes, máis de oito puntos superior á estimada para a ocupación feminina (42,3%).

Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise, a taxa de ocupación descende paulatinamente dende o 50% acadado en 2008 ata o 42,1% de 2014, aumentando posteriormente ata o devandito 46,2%. Tanto os homes como das mulleres presentan unha evolución similar, situándose no 58,5% no ano 2008 entre os homes (50,4% en 2018) e no 42,2% no caso das mulleres, porcentaxe unha décima inferior á de 2018 (42,3%).

Poboación maior de 16 anos 2017-18: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2017			2018			18/17			Galicia / España 2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.341,9	1.120,6	1.221,3	2.334,0	1.116,2	1.217,8	-0,3	-0,4	-0,3	6,0	5,9	6,1
Activos	1.248,3	648,6	599,7	1.243,5	642,1	601,4	-0,4	-1,0	0,3	5,5	5,3	5,7
Poboación ocupada	1.052,7	551,2	501,4	1.077,6	562,6	515,0	2,4	2,1	2,7	5,6	5,3	5,9
Poboación parada	195,6	97,3	98,3	165,9	79,5	86,4	-15,2	-18,3	-12,1	4,8	4,7	4,8
Parados que xa traballaron	177,4	89,3	88,1	149,8	72,9	76,9	-15,6	-18,4	-12,7	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	18,2	8,1	10,2	16,1	6,6	9,4	-11,5	-18,5	-7,8	4,6	4,0	5,0
Poboación inactiva	1.093,6	472,0	621,5	1.090,5	474,1	616,4	-0,3	0,4	-0,8	6,8	7,1	6,6
16-19 anos												
Total	84,8	43,8	41,0	85,9	44,4	41,5	1,3	1,4	1,2	4,7	4,7	4,7
Activos	7,2	4,0	3,2	8,7	5,4	3,4	20,8	35,0	6,2	3,3	3,6	2,9
Poboación ocupada	3,0	1,5	1,4	4,6	3,5	1,1	53,3	133,3	-21,4	3,4	4,6	1,9
Poboación parada	4,2	2,4	1,8	4,2	1,9	2,2	0,0	-20,8	22,2	3,2	2,5	3,8
Parados que xa traballaron	1,5	0,9	0,6	1,5	0,7	0,8	0,0	-22,2	33,3	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	2,8	1,5	1,2	2,6	1,2	1,5	-7,1	-20,0	25,0	3,0	2,4	4,1
Poboación inactiva	77,6	39,9	37,7	77,2	39,0	38,1	-0,5	-2,3	1,1	5,0	5,0	5,0
20-24 anos												
Total	110,3	56,3	54,0	108,4	55,4	53,1	-1,7	-1,6	-1,7	4,8	4,8	4,8
Activos	53,9	28,5	25,4	49,1	26,0	23,0	-8,9	-8,8	-9,4	4,0	3,9	4,0
Poboación ocupada	37,1	19,3	17,8	34,5	18,3	16,1	-7,0	-5,2	-9,6	4,0	4,0	4,0
Poboación parada	16,9	9,2	7,6	14,6	7,7	6,9	-13,6	-16,3	-9,2	3,8	3,6	4,0
Parados que xa traballaron	9,6	5,1	4,5	8,3	4,7	3,6	-13,5	-7,8	-20,0	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	7,3	4,2	3,1	6,3	3,0	3,3	-13,7	-28,6	6,5	4,8	4,5	5,2
Poboación inactiva	56,4	27,8	28,6	59,4	29,3	30,0	5,3	5,4	4,9	5,8	6,1	5,6
25-54 anos												
Total	1.123,0	559,5	563,5	1.108,5	551,9	556,4	-1,3	-1,4	-1,3	5,5	5,5	5,5
Activos	965,6	502,3	463,6	956,4	491,0	465,6	-1,0	-2,2	0,4	5,5	5,3	5,7
Poboación ocupada	819,6	432,7	387,0	835,0	434,6	400,7	1,9	0,4	3,5	5,6	5,3	5,8
Poboación parada	146,1	69,7	76,5	121,4	56,4	64,9	-16,9	-19,1	-15,2	4,9	5,0	4,9
Parados que xa traballaron	138,1	67,2	70,9	114,8	54,1	60,6	-16,9	-19,5	-14,5	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	7,9	2,3	5,7	6,7	2,3	4,3	-15,2	0,0	-24,6	5,1	4,8	5,2
Poboación inactiva	157,4	57,4	100,0	152,0	60,9	90,9	-3,4	6,1	-9,1	5,8	7,5	5,0
≥ 55 anos												
Total	1.023,7	460,9	562,9	1.031,3	464,6	566,7	0,7	0,8	0,7	7,0	6,9	7,1
Activos	221,4	113,8	107,6	229,1	119,8	109,3	3,5	5,3	1,6	6,0	5,7	6,4
Poboación ocupada	193,0	97,8	95,3	203,5	106,4	97,1	5,4	8,8	1,9	6,2	5,7	6,7
Poboación parada	28,4	16,1	12,4	25,8	13,4	12,3	-9,2	-16,8	-0,8	5,1	5,2	5,0
Parados que xa traballaron	28,1	16,1	12,3	25,4	13,3	12,0	-9,6	-17,4	-2,4	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	0,3	-	0,2	0,4	0,1	0,3	33,3	-	50,0	6,5	7,7	6,2
Poboación inactiva	802,2	347,1	455,1	802,1	344,8	457,2	0,0	-0,7	0,5	7,4	7,5	7,3

Fonte: IGE, EPA

2.1.8.

En relación ao resto das CC.AA., Galicia mantense entre aquelas con menor taxa de ocupación, superando no último ano tan só a Ceuta (41,7%), Estremadura (42,2%), Andalucía (43,8%) e Asturias (43,9%). No caso dos homes, tan só Asturias presenta unha taxa inferior (48,2%), en tanto que a taxa de ocupación feminina ocuparía unha posición intermedia (novena C.A. co valor máis reducido).

A diferenza do acontecido no ano anterior, o incremento da ocupación máis acusado en termos absolutos prodúcese no caso das persoas con idades comprendidas entre os 25 e 54 anos, con 15.400 persoas máis, seguido pola medra experimentada entre as persoas maiores de 55 anos, con 10.500 persoas máis que no ano anterior. Se se observa a súa desagregación segundo sexo, o **cadro 2.1.8.** reflicte diferenzas importan-

tes xa que mentres o incremento da ocupación entre as mulleres prodúcese fundamentalmente na franxa de idade entre 25 e 54 anos (13.400 mulleres máis), entre os homes este incremento rexístrase entre os maiores de 55 anos (8.600 ocupados máis que no ano anterior). Por contra, o descenso da poboación ocupada prodúcese tan só entre as persoas de 20 a 24 anos, con 2.700 persoas ocupadas menos (1.700 mulleres e 1.000 homes menos).

Por **sectores**, o ano 2018 caracterízase polo forte dinamismo do conxunto de actividades do sector servizos, que explica en boa medida o incremento da ocupación en Galicia. Asemade, a diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, aumenta a poboación ocupada no sector da construción, descendendo tanto no sector primario como no industrial.

En relación ás variacións medias de ocupación no Estado, tan só o sector servizos presenta un mellor comportamento en Galicia, ao medrar un 4,5% fronte ao 2,5% en España. Por contra, o sector da construción medra un 1% fronte ao incremento do 8,3% en España, sendo a caída da ocupación no sector primario significativamente superior en Galicia (-9,5% fronte ao -0,8%). Ademais, cómpre resaltar que fronte á caída do 1,3% da poboación ocupada na actividade industrial en Galicia, no conxunto do Estado esta medra un 2,3% respecto ao ano anterior.

O sector máis importante en canto a volume de ocupación é o sector servizos, que ano 2018 rexistrou un total de 773.300 ocupados, o que supón o 71,8% da poboación ocupada galega (75,5% en España). Comparado coa estrutura produtiva en 2008, o seu peso relativo aumenta en case nove puntos (62,9% en 2008), incremento superior ao do conxunto do Estado, cunha medra de 7,3 puntos (68,1% en 2008). Tras unha medra de 33.600 persoas en relación ao ano anterior, este sector logra recuperar en Galicia a perda da poboación ocupada acaecida nos anos de crise económica, de tal forma que en 2018 a ocupación supera nun 2,4% á estimada para 2008 (17.900 persoas máis), sendo esta porcentaxe do 4,6% no conxunto do Estado.

Dos sinalados 33.600 ocupados máis existentes en Ga-

licia neste sector, 9.900 o están no grupo de “actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares”; 7.300 nas “actividades sanitarias e servizos sociais”; e 6.300 en actividades relacionadas co comercio, reparación de vehículos de motor e motocicletas. No último ano, tan só o subsector da educación presenta unha redución da súa ocupación, con 3.700 persoas ocupadas menos. Entre os anos 2008 e 2018, o conxunto de actividades de “administración pública e defensa, Seguridade Social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais” ademais das devanditas “actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares” aumentaron a súa ocupación, con 14.900 persoas máis cada unha (6,6% e 18,3%, respectivamente). Por contra, a poboación ocupada nas actividades financeiras e de seguros redúcese en 6.600 persoas (-25,7%) e as de comercio, transporte e hostalería en 5.300 persoas (-1,7%).

A ocupación no sector industrial racha a súa tendencia alcista iniciada en 2014, experimentando unha redución de 2.200 persoas no último ano (1,3%). Tras este descenso, o sector ocupa en Galicia a un total de 169.000 persoas, o que representa o 15,7% da poboación ocupada (17,9% en 2008), porcentaxe superior en case dous puntos ao peso relativo en España en 2018 (14%). Dende o comezo da recuperación económica a industria galega logrou recuperar 15.700 empregos dos case 62.000 que se perderan entre os anos 2008 e 2013, de tal xeito que a poboación ocupada en Galicia neste sector en 2018 é un 21,4% inferior á estimada en 2008 (46.100 persoas menos) (**cadro 2.1.9.**).


Dentro do sector industrial cómpre destacar a lixeira redución da ocupación na industria manufactureira, que emprega no último ano un total de 154.300 persoas, 300 menos que no ano precedente (-0,2%). O emprego nesta rama de actividade representa o 14,3% do emprego total de Galicia, case dous puntos porcentuais menos que antes da crise económica. Con todo, esta porcentaxe é sensiblemente superior á media española, que se sitúa no 12,6%.

O sector primario, tras dous anos de crecemento da súa

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-18: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2009	94,8	195,7	116,3	748,6	788,1	2.807,6	1.889,8	13.621,4
2010	88,3	172,7	104,9	738,7	786,1	2.650,5	1.651,4	13.636,6
2011	83,5	176,4	91,3	738,1	755,3	2.604,7	1.403,9	13.657,6
2012	79,5	164,9	79,3	723,4	743,4	2.483,7	1.161,3	13.244,2
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2014	66,1	154,0	67,1	710,7	735,8	2.379,9	993,5	13.234,9
2015	63,7	159,5	73,6	720,4	736,8	2.482,3	1.073,7	13.573,3
2016	71,4	161,9	71,8	735,5	774,5	2.522,2	1.073,8	13.970,9
2017	75,2	171,2	66,6	739,7	819,5	2.647,4	1.128,3	14.229,6
2018	68,0	169,0	67,3	773,3	812,6	2.708,3	1.221,8	14.585,1
I	69,7	169,8	65,8	744,7	833,8	2.676,4	1.151,9	14.212,2
II	64,2	169,4	68,8	773,5	822,5	2.722,8	1.215,2	14.583,6
III	70,3	167,0	67,5	791,7	768,4	2.725,7	1.240,2	14.793,8
IV	67,9	169,7	67,0	783,4	825,6	2.708,3	1.279,9	14.750,8
2018-08 (%)	-29,5	-21,4	-49,9	2,4	-1,9	-16,3	-50,3	4,6

(taxas de variación interanuais)



Fonte: INE, EPA

2.1.9.

ocupación, presenta en 2018 unha caída de 7.200 persoas, acollendo un total de 68.000 persoas ocupadas, o 6,3% da poboación ocupada en Galicia (8% en 2008). Dende o comezo da crise económica, a ocupación no sector tan so aumentou nos anos 2016 e 2017, polo que en 2018 esta aínda se sitúa un 29,5% por baixo da estimada en 2008 (28.600 persoas ocupadas menos).

Finalmente, no que atinxe á actividade da construción, a ocupación presenta un incremento de 700 persoas respecto ao ano anterior (1,0%), ascendendo a poboación ocupada ata as 67.300 persoas, o 6,2% do total de

Galicia (6,3% en España). Tendo en conta que dende o comezo da crise tan só os anos 2015 e 2018 experimentan unha medra da ocupación neste sector, a poboación ocupada na construción no último ano é un 49,9% inferior da estimada en 2008 (66.900 persoas menos). No conxunto do Estado, esta porcentaxe é do 50,3%.

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo a súa **situación profesional**, o mercado de traballo galego presenta, tanto no caso dos homes como das mulleres, un incremento do número de asalariados e un descenso dos traballadores por conta propia.


Poboación ocupada en Galicia e España 2018: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 18/17		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)					
Total	562,6	515,0	1.077,6	5,3	5,9	5,6	2,1	2,7	2,4
Sectores económicos									
Agricultura	41,9	26,2	68,0	6,7	13,7	8,4	-9,8	-9,2	-9,6
Industria	122,8	46,2	169,0	6,1	6,6	6,2	1,3	-7,5	-1,3
Construción	62,8	4,5	67,3	5,6	4,2	5,5	2,2	-11,4	1,1
Servizos	335,1	438,2	773,3	4,9	5,6	5,3	4,0	4,9	4,5
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	126,6	88,5	215,0	6,2	8,5	7,0	-4,6	-4,2	-4,5
Empregador	42,5	25,8	68,3	6,4	8,6	7,1	-4,0	11,0	1,3
Empresarios sen asalariados	80,3	59,0	139,3	6,0	8,5	6,9	-3,8	-10,1	-6,6
Membros cooperativas	0,8	0,9	1,6	4,3	10,3	6,3	-18,9	29,6	3,2
Axuda na empresa ou negocio familiar	3,0	2,9	5,8	8,4	7,6	8,0	-25,2	-3,4	-15,9
Asalariados	435,9	426,5	862,4	5,1	5,5	5,3	4,2	4,3	4,2
Sector público	80,8	110,0	190,8	5,8	6,3	6,1	6,1	4,2	5,0
Sector privado	355,1	316,5	671,6	5,0	5,3	5,1	3,7	4,4	4,0
Outra situación	0,3	0,3	0,5	8,3	8,8	6,4			
Ocupación									
Directores e xerentes	26,4	12,0	38,4	4,9	4,7	4,8	0,4	5,5	1,9
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	77,1	106,5	183,6	5,0	5,6	5,3	7,3	2,8	4,6
Técnicos e profesionais de apoio	67,6	43,3	110,8	5,3	5,5	5,4	2,1	10,2	5,0
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	36,0	69,4	105,4	5,4	5,2	5,2	14,6	6,6	9,2
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	83,6	164,4	248,0	4,8	6,4	5,7	-4,3	3,9	1,0
Trab. cualificado no sector primario	30,6	23,4	54,0	8,5	26,3	12,0	-11,8	-5,6	-9,1
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.	121,8	15,0	136,8	6,1	8,9	6,3	3,4	-4,9	2,4
Operadores	74,3	14,3	88,5	5,9	7,3	6,1	2,9	1,8	2,7
Ocupacións elementais	40,7	66,3	107,0	3,9	4,6	4,3	2,7	-3,1	-1,0
Ocupacións militares	4,6	0,6	5,2	4,7	4,7	4,7	17,3	-34,3	8,4
Grupos de idade									
16-19 anos	3,5	1,1	4,6	4,5	1,9	3,4	122,6	-21,1	52,5
20-24 anos	18,3	16,1	34,5	4,0	4,0	4,0	-5,2	-9,3	-7,0
25-34 anos	100,6	92,7	193,4	5,0	5,2	5,1	-1,8	-1,1	-1,4
35-44 anos	171,7	158,7	330,4	5,4	5,9	5,7	-0,2	3,2	1,4
45-54 anos	162,1	149,2	311,3	5,5	6,2	5,8	2,6	7,0	4,6
55 e máis anos	106,4	97,1	203,5	5,7	6,7	6,2	8,8	1,9	5,4
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos	0,3	0,5	0,8	1,3	5,3	2,5	71,4	110,0	94,1
Educación primaria	25,4	19,7	45,1	3,7	4,7	4,1	-8,8	-11,0	-9,8
Educación secundaria	322,8	247,0	569,8	5,6	6,0	5,8	2,2	4,1	3,0
Educación superior	214,1	247,8	461,8	5,3	5,8	5,6	3,3	2,4	2,8

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
 Fonte: INE, EPA

2.1.10.

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-18: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

2.1.11.

O descenso de 10.000 persoas en relación ao ano anterior (-4,5%), sitúa a Galicia con 215.000 traballadores por conta propia, o que representa a quinta parte da súa poboación ocupada (**cadro 2.1.10.**). A importancia relativa destes traballadores en comparación coa media estatal ponse de manifesto no feito de que o seu peso relativo tan só é inferior ao estimado en Extremadura (20,8%), sendo moi superior á media española (16%).

A devandita evolución dos traballadores por conta propia explícase na súa meirande parte pola caída dos empresarios sen asalariados, con 9.800 persoas menos (-6,6%), descendendo tamén no caso das persoas que axudan na empresa ou negocio familiar, con 1.100 ocupados menos. Pola contra, aumenta lixeiramente a ocupación no caso dos empregadores, con 900 persoas ocupadas máis en relación ao ano anterior (1,3%). Atendendo á distribución segundo sexo, cómpre resaltar que a pesar de que a ocupación descende en ambos os dous casos entre os empresarios sen asalariados, esta caída é moito máis intensa no caso das mulleres, con 6.600 persoas menos (-10,1%). Asemade, mentres que o número de empregadores aumenta no caso das mulleres en 2.600 persoas (11%), os homes presentan un descenso do 4% (1.700 ocupados menos).

O número de asalariados incrementábase no último ano en 35.100 persoas (4,2%), influenciado tanto pola evolución dos asalariados no sector privado (26.000 máis; 4%) como no sector público (9.100 asalariados máis; 5%). Tras esta evolución, o número total de asalariados ascende en Galicia a 862.400 persoas (80% da poboación ocupada galega en 2018, fronte ao 76,7% en 2008), das que 671.600 persoas o están no sector privado (77,9% dos asalariados en 2018, fronte ao 78,5% en 2008).

Atendendo á desagregación segundo o **nivel formativo**, o 52,9% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes (569.800 persoas), sendo esta porcentaxe superior á media española (51,2%). Por outra banda, o 42,9% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (461.800 persoas), porcentaxe semellante á rexistrada de media no Estado. Ao igual que acontece en España, o peso relativo da ocupación masculina é superior á feminina no caso das persoas con estudos secundarios (57,4% dos homes ocupados fronte ao 48% no caso das mulleres), a diferenza do que acontece entre a poboación con estudos superiores, xa que o 48,1% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 38% no caso dos homes.

O maior incremento de ocupación no pasado exercicio, tanto entre os homes como entre as mulleres prodúcese entre as persoas con estudos de educación secundaria, con 16.600 persoas ocupadas máis (9.800 mulleres e 6.800 homes máis que no ano anterior), aumentando en 12.800 persoas entre as que teñen estudos superiores (5.900 mulleres e 6.900 homes). En termos porcentuais, o número de persoas con educación secundaria medra un 3% (4,1% no caso das mulleres e 2,2% no dos homes), mentres que aumenta un 2,8% o de persoas con estudos superiores (2,4% entre as mulleres e 3,3% entre os homes).

Das case 25.000 persoas ocupadas máis que se estiman en Galicia no ano 2018 en relación ao ano anterior, 21.300 son de nacionalidade española ou dobre nacionalidade, e 3.600 son estranxeiros. Entre os novos ocupados de nacionalidade estranxeira salientan as 1.400 persoas máis procedentes da Unión Europea, o que supón una medra do 10,1%.

Temporalidade e duración da xornada de traballo

A creación de emprego en Galicia no ano 2018, segundo datos da EPA, concentrouse en gran medida no colectivo de asalariados, cun incremento de 35.100 ocupados, consecuencia tanto do aumento de ocupación no sector privado (26.000 ocupados máis) como no sector público (9.100 persoas máis).

Atendendo á súa distribución segundo tipo de contrato, as estimacións da EPA sinalan que a diferenza do acontecido nos últimos anos o número de asalariados con contrato indefinido aumenta en maior medida que os asalariados con contrato temporal. Dunha banda, os asalariados indefinidos medran en 2018 en 29.300 persoas, o que supón unha medra interanual do 4,9% respecto ao ano anterior.

Doutra banda, o emprego temporal aumenta en 5.800 persoas asalariadas, un 2,6% máis que no ano anterior. Tras esta evolución, no último ráchase a tendencia crecente da taxa de temporalidade iniciada hai catro anos e se sitúa no 26,6%, dúas décimas inferior á media española. Con todo, esta porcentaxe está lonxe do rexis-

trado no ano 2008, onde o 30,4% dos asalariados tiñan un contrato temporal (**cadro 2.1.12.**).

Tendo en conta que o incremento dos asalariados con contrato indefinido é superior ao dos contratos temporais tan só no caso das mulleres, o devandito descenso da taxa de temporalidade en 2018 prodúcese tan só na ocupación feminina. Tras un incremento do número de mulleres asalariadas con contrato indefinido do 6,1% respecto ao ano anterior (mantense estable a contratación temporal), a taxa de temporalidade entre as mulleres descende máis dun punto porcentual para situarse no 27,5%. Pola contra, esta taxa incrementouse tres décimas no caso dos homes (25,6% en 2018) como consecuencia dunha medra do 3,7% na contratación indefinida masculina fronte a un aumento do 5,5% dos asalariados con contratos temporais.

Resultado dun incremento do 10% na contratación temporal de persoas maiores de 35 anos, a súa taxa de temporalidade aumenta ata o 19,4%, oito décimas máis que no ano anterior, o que a sitúa como a porcentaxe máis elevada dende o comezo da crise económica. Por contra, a temporalidade descende ata o 49,3% entre os menores de 35 anos (52,1% no ano anterior) como consecuencia dun incremento da contratación indefinida do 6% e un descenso dos contratos temporais do 5,4%. Asemade, cómpre mencionar que a temporalidade entre os maiores de 55 anos mantense lixeiramente por riba do 10%.

No que respecta á desagregación da contratación segundo se trate do sector público ou privado, a diferenza do acontecido no último ano, o número de persoas asalariadas con contrato indefinido en Galicia aumenta en 2018 tanto no sector privado, con 22.600 persoas asalariadas máis, como no sector público, que experimenta un incremento de 6.700 persoas en relación ao ano anterior (4,9% en ambos os dous casos). Asemade, o incremento do número de contratos temporais no sector público é superior en termos relativos ao rexistrado no sector privado (5,5% e 1,9% asalariados máis, respectivamente). Deste xeito, a taxa de temporalidade no sector privado descende ata o 27,3% aumentando lixeiramente no caso do sector público, que se sitúa en 24,1% (27,8% e 24% no ano anterior).

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2017-18: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2017								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	138,1	465,9	43,6	179,7	181,7	645,6	24,0	27,8	27,0
Homes	61,8	250,9	14,4	91,4	76,2	342,3	18,9	26,7	25,3
Mulleres	76,4	215,0	29,2	88,3	105,5	303,3	27,7	29,1	28,7
España	2.311,4	9.212,8	717,2	3.473,7	3.028,6	12.686,5	23,7	27,4	26,7
Homes	1.107,3	4.972,5	240,4	1.882,0	1.347,6	6.854,5	17,8	27,5	25,9
Mulleres	1.204,1	4.240,3	476,8	1.591,7	1.681,0	5.832,0	28,4	27,3	27,5

Coa recuperación económica prodúcese un incremento do número de asalariados tanto no sector público como no privado, a diferenza do acontecido entre 2008 e 2013. Dende este último ano, os asalariados con contratos temporais medran no sector privado un 4,7% de media anual fronte ao 7,9% no caso do sector público. A contratación indefinida presenta unha taxa de variación interanual media do 1,5% na esfera privada fronte á caída do 0,1% no ámbito público. Con todo, no período 2008-2018 o número de asalariados con contrato indefinido redúcese en 9.100 persoas no sector privado (-0,2% de media anual) e aumenta en 1.400 persoas no ámbito público (0,1% de media). No caso dos contratos temporais, o descenso medio anual foi do 2,1% no sector privado e do 1,7% no sector público (42.300 e 8.500 persoas menos, respectivamente, entre os dous anos considerados).

No que respecta á análise do mercado laboral en Galicia dende o punto de vista da **duración da xornada de traballo, cadro 2.1.13.**, a EPA en Galicia reflicte que no ano 2018 a taxa de variación interanual do emprego a tempo parcial foi superior ao de tempo completo, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado. O incremento interanual do emprego a xornada parcial foi do 2,6% (3.700 persoas) en tanto que a xornada a tempo completo aumenta un 2,3% (21.300 persoas máis). En España, a ocupación a tempo completo medra por riba da media galega (3,1% respecto ao ano anterior) en tanto que o emprego a tempo parcial o fai significativamente por baixo (0,4%). Tras esta evolución, un total de 145.700 persoas teñen en Galicia un traballo a tempo parcial, o que supón que o seu peso relativo na poboación ocupada galega se mantén no 13,5% (14,6% no conxunto do Estado), e 931.900 teñen un contrato a tempo completo, o 86,5% do total (85,4% en España).

En Galicia e España a evolución da ocupación a tempo completo e parcial seguen unha tendencia similar entre os anos 2008 e 2013. Entre estes anos a poboación ocupada a tempo completo descende na Comunidade Autónoma a unha taxa media anual do 4,3% fronte ao -4,4% no conxunto do Estado, en tanto que a xornada a tempo parcial aumenta un 2,3% en Galicia e en España un 2,4%. As diferenzas aprécianse no impacto da expansión económica no mercado de traballo, xa que


a taxa de variación media anual da ocupación a tempo parcial en Galicia sitúase no 0,1%, oito décimas menos que no conxunto do Estado, e os ocupados a tempo completo aumenta de media en Galicia un 1,6% fronte ao incremento medio no Estado do 2,7%.

Atendendo á desagregación segundo sexos, os datos correspondentes ao último ano continúan reflectindo a desigual situación dos homes e as mulleres. Dunha banda, o 77,4% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia en 2018 son mulleres, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43,2%.

No último ano estímase que hai un total de 112.700 mulleres ocupadas a tempo parcial, 3.000 máis que no ano anterior (2,8%), fronte aos 33.000 homes, 600 máis que no ano precedente (2,0%). Entre os anos 2008 e 2013 o incremento medio anual da ocupación a tempo parcial entre as mulleres sitúase no 1,9% (9.700 persoas en total), case a metade do estimado no caso dos homes (5.800 ocupados), en tanto que a xornada a tempo completo redúcese de media un 3,1% nas mulleres (62.800 persoas ocupadas menos entre os dous anos considerados) e un 5,1% nos homes (147.500 persoas).

Dende o inicio da recuperación económica, a ocupación a tempo parcial aumenta a un ritmo medio anual do 0,5% entre as mulleres (2.700 persoas máis en total), descendendo por contra no caso dos homes nun 1,3% de media ao ano (-2.800 ocupados entre 2013 e 2018). Neste último período de tempo, o incremento medio anual da xornada a tempo completo no caso das mulleres sitúase no 1,9% (36.500 mulleres entre os dous anos considerados) e un 1,3% no caso dos homes (34.200 máis).

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividades de comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 28.300 ocupados a xornada parcial, e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, con 22.700 ocupados a tempo parcial, o que supón en torno a 15,5% das persoas ocupadas en cada unha des-

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-18 ⁽¹⁾: distribución segundo sexos

(1) 2008=100
 Fonte: INE, EPA

2.1.14.

tas actividades. No caso da hostalería, o 23,9% do emprego total está ocupado a tempo parcial (19.200 persoas).

O 56,4% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2018 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa. Segundo datos da EPA, no último ano un total de 82.200 persoas ocupadas consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial, sendo esta porcentaxe do 58,2% no caso dos homes (19.200 persoas) e do 55,9% no das mulleres (63.000 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 16,5% (18.600 mulleres), en tanto que entre os homes o segundo motivo está vinculado á formación, cun 11,5% (3.800 homes).

Fluxos de entrada no mercado de traballo. Contratacións

No último ano asináronse un total de 1.082.126 contratos, un 6% máis que ano anterior (61.164 contratos máis), manténdose deste xeito a tendencia ascendente iniciada en 2012. Non obstante, a medra experimentada no último ano é a máis reducida dende o comezo da recuperación económica. Dado que este incremento

é superior ao rexistrado no conxunto do Estado (3,7%), o seu peso relativo no total estatal aumenta lixeiramente ata o 4,9%, dúas décimas máis que no ano anterior.

Do total de contratos, 1.039.025 corresponden a contratos iniciais e os restantes 43.101 a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, os contratos iniciais medran un 5,2% (51.445 contratos máis) e as conversións en indefinidos un 29,1% (9.719 contratos). No concenrente aos contratos iniciais, o devandito incremento favorece tanto aos contratos de duración indefinida como aos de duración temporal, sendo sensiblemente superior no caso dos contratos de duración indefinida (**cadro 2.1.15.**). Así, en 2018 o 90,9% dos contratos son contratos de duración temporal, fronte ao 5,1% dos contratos indefinidos e o 4% restante corresponde ás conversións en indefinidos.

O número total de **contratos de duración indefinida** incrementábase nun 17,1%, sete décimas máis que a taxa rexistrada no conxunto do Estado (16,4%), situándose nos 55.496 contratos (8.085 contratos máis). Atendendo á súa distribución segundo sexos, 30.673 contratos foron asinados por homes (5.068 máis que no ano precedente) e 24.823 por mulleres (3.107 máis). A taxa de incremento da contratación indefinida nos

**Contratos de traballo en Galicia 2008-18 distribución segundo
modalidade do contrato**

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo
			(%)	
2008	794.170	75,2	24,2	0,6
2009	683.131	72,7	26,6	0,6
2010	680.624	71,2	28,2	0,6
2011	671.449	68,4	30,9	0,6
2012	693.365	63,2	36,3	0,6
2013	706.778	62,7	36,7	0,5
2014	786.193	62,9	36,6	0,5
2015	877.834	63,0	36,5	0,5
2016	944.114	62,3	37,1	0,6
2017	1.020.962	62,6	36,9	0,5
2018	1.082.126	63,3	36,0	0,6
18/17 (%)	6,0	1,2	-2,4	21,7

Fonte: IGE

2.1.15.

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2018: distribución segundo tipo

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España	18/17	
		(%)		(%)		(%)		Galicia	España
								(%)	
Contratos de duración indefinida	55.496	5,1	30.673	5,4	24.823	4,8	3,8	17,1	16,4
Indefinido ordinario	54.757	5,1	30.240	5,4	24.517	4,7	3,8	17,2	16,5
Indefinido persoas con discapacidade	739	0,1	433	0,1	306	0,1	6,4	7,9	8,8
Contratos de duración temporal	983.529	90,9	510.019	90,4	473.510	91,5	4,9	4,6	2,2
Obra ou servizo	342.322	31,6	203.569	36,1	138.753	26,8	4,1	4,4	0,0
Eventual segundo circunstancias da produción	525.538	48,6	267.360	47,4	258.178	49,9	5,3	5,3	4,4
Interinidade	92.578	8,6	25.513	4,5	67.065	13,0	5,9	3,4	0,4
Temporais pers. discapacidade	1.632	0,2	988	0,2	644	0,1	6,4	12,5	0,0
Relevo	1.046	0,1	502	0,1	544	0,1	5,4	22,3	24,3
Xubilación parcial	2.251	0,2	1.466	0,3	785	0,2	5,8	24,1	24,1
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	19	0,0	4	0,0	15	0,0	3,1	46,2	-16,4
Contrato en prácticas	6.281	0,6	3.311	0,6	2.970	0,6	5,9	4,2	3,8
Contrato para a formación	3.610	0,3	1.704	0,3	1.906	0,4	6,8	13,2	9,3
Outros contratos	8.252	0,8	5.602	1,0	2.650	0,5	9,4	-21,7	-6,1
Contratos convertidos en indefinidos	43.101	4,0	23.683	4,2	19.418	3,8	5,1	29,1	22,1
Total contratos	1.082.126	100	564.375	100	517.751	100	4,9	6,0	3,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.16.

homes sitúase no 19,8%, seis puntos por riba da rexistrada no caso das mulleres.

Os contratos indefinidos asinados en Galicia en 2018 concéntranse, no caso das mulleres, no grupo de idade de maiores de 45 anos, con 7.790 contratos, e na franxa entre 30 e 39 anos con 6.925, o que representa o 31,4% e 27,9% dos contratos indefinidos entre as mulleres. No

caso dos homes, os pertencentes á franxa entre 30 e 39 anos concentran o 30,6% dos contratos indefinidos (9.382 contratos), e os maiores de 45 anos, o 29,5% (9.035 contratos) (**cadro 2.1.17.**).

Dos 54.757 contratos indefinidos ordinarios iniciais asinados en Galicia en 2018, un total de 33.095 son a xornada completa, 16.069 a tempo parcial e 5.593 fixos

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2018: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/E spaña
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	≥ 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	≥ 45	
		(%)										
Contratos de duración indefinida												
Indefinido (bonificado/non bonificado)	54.757	3.422	4.227	9.288	4.475	8.828	3.010	3.647	6.852	3.366	7.642	3,8
Indefinido persoas con discapacidade	739	10	28	94	91	210	12	19	73	54	148	6,4
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	342.322	29.618	29.950	60.058	27.982	55.961	22.384	22.671	40.181	18.989	34.528	4,1
Eventual segundo circunstancias da produción	525.538	50.029	45.059	79.574	33.684	59.014	48.576	45.926	69.376	34.633	59.667	5,3
Interinidade	92.578	3.045	4.505	8.107	3.755	6.101	5.926	9.860	17.898	9.897	23.484	5,9
Temporais persoas con discapacidade	1.632	59	59	254	200	416	35	41	160	115	293	6,4
Relevo	1.046	21	84	165	73	159	14	73	151	81	225	5,4
Xubilación parcial	2.251	0	0	0	0	1.466	0	0	0	0	785	5,8
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	19	0	3	0	0	1	1	8	3	1	2	3,1
Contrato en prácticas	6.281	1.661	1.219	341	51	39	1.328	1.226	319	54	43	5,9
Contrato para a formación	3.610	715	414	137	82	356	719	508	208	114	357	6,8
Outros contratos	8.252	613	519	1.214	788	2.468	532	565	789	346	418	9,4
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	13.678	358	1.029	2.849	1.363	2.564	185	650	1.825	945	1.910	5,5
Eventual segundo circunstancias da produción	25.351	1.493	2.247	4.404	1.887	3.399	1.371	2.325	4.000	1.769	2.456	4,9
Interinidade	1.158	38	94	177	64	95	52	144	241	106	147	5,2
Temporais para persoas con discapacidade	320	6	16	57	38	109	1	7	23	17	46	5,4
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	3	0	1	0	0	0	0	0	1	1	0	2,2
Contrato en prácticas	1.638	272	432	134	8	8	162	460	144	11	7	6,1
Contrato de relevo	205	4	20	76	20	21	0	10	35	7	12	6,1
Contrato para a formación	714	128	180	66	0	2	90	164	84	0	0	6,3
Outros contratos	34	1	1	3	5	14	0	0	9	1	0	9,4

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.17.

descontinuos. O 65,8% dos contratos indefinidos a tempo completo son asinados por homes, 21.779 contratos, fronte ao 34,2% asinados por mulleres (11.316 contratos), mentres que o 69,1% dos contratos indefinidos a tempo parcial son a mulleres (11.106 contratos).

No que respecta á **contratación temporal**, o número de contratos aumentou no último ano en Galicia un 4,6%, case dous puntos e medio máis que no conxunto do Estado, asinándose un total de 983.529 contratos temporais, o que representa o 91,5% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma. Os homes asinan o 51,9% dos contratos (510.019 contratos) e as mulleres o 48,1% restante (473.510). Ao contrario do que acontece no caso da contratación indefinida, o incremento rexistrado na contratación temporal en relación ao ano anterior é superior para as mulleres que para os homes (5,3% e 4%, respectivamente).

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 48,6% e o 31,6% da contratación temporal total, respectivamente.

Se se ten en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de asalariados temporais, o índice de rotación laboral aumenta lixeiramente en Galicia ata os 4,3 contratos por asalariado temporal fronte aos 4,6 contratos no conxunto do Estado (2,5 e 3,0 contratos en 2008, respectivamente). Este grado de rotación é sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando en Galicia os 4,6 e 4,0 contratos por asalariado temporal, respectivamente. No ano 2008, tanto as mulleres como os homes asinaron 2,5 contratos por persoa asalariada temporal (2,9 contratos entre as mulleres no conxunto do Estado e 3,0 entre os homes).

Atendendo á duración dos contratos, os máis numero-

Contratos iniciais segundo duración do contrato 2017-18

	2017		2018		18/17
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
Total	1.019.612	100	1.069.672	100	4,9
Indefinidos	49.584	4,9	58.190	5,4	17,4
Temporais	970.028	95,1	1.011.482	94,6	4,3
Menos de 1 semana	343.496	33,7	375.618	35,1	9,4
De 1 semana a 1 mes	108.903	10,7	113.797	10,6	4,5
De 1 a 6 meses	170.535	16,7	174.289	16,3	2,2
De 6 meses a 1 ano	23.102	2,3	25.727	2,4	11,4
Máis de 1 ano	3.791	0,4	4.214	0,4	11,2
Indeterminado	320.201	31,4	317.837	29,7	-0,7

(1) Número de contratos segundo lugar de residencia do traballador
Fonte: IGE

2.1.18.

Contratos iniciais de traballo 2018: distribución segundo sector económico

	Total		Agricultura		Industria		Construcción		Servizos	
	2018	18/17 (%)	2018	18/17 (%)	2018	18/17 (%)	2018	18/17 (%)	2018	18/17 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	54.757	17,2	4.607	14,2	6.025	34,6	4.683	15,5	39.442	15,5
Persoas con discapacidade	739	7,9	25	19,0	64	-4,5	41	-8,9	609	10,3
Obra ou servizo	342.322	4,4	18.629	1,8	60.653	0,2	25.413	-7,6	237.627	7,3
Eventual circunstancias produción	525.538	5,3	7.394	1,3	75.551	2,9	11.471	1,8	431.122	5,9
Interinidade	92.578	3,4	1.105	-1,7	8.626	-0,6	351	-2,5	82.496	3,9
Temporal persoas discapac.	1.632	12,5	48	65,5	200	-25,7	101	32,9	1.283	19,1
Relevo	1.046	22,3	-	-	197	22,4	29	26,1	820	22,8
Xubilación parcial	2.251	24,1	15	-6,3	801	22,9	114	35,7	1.321	24,4
Sustitución xubilación 64 anos	19	46,2	-	-	-	-	-	-	19	46,2
Prácticas	6.281	4,2	21	-19,2	989	5,3	520	32,3	4.751	1,7
Formación	3.610	13,2	6	100,0	126	12,5	77	20,3	3.401	13,0
Outros contratos	8.252	-21,7	18	500,0	30	15,4	26	18,2	8.178	-22,0
Total	1.039.025	5,2	31.868	3,3	153.262	2,6	42.826	-2,4	811.069	6,2

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.19.

son os que teñen unha duración inferior a unha semana, ao concentrar case o 37,1% dos contratos temporais (35,1% do total de contratos iniciais). Séguelle en importancia, a causa do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, os contratos cunha duración indeterminada, que representan o 31,4% dos contratos temporais. Tal e como se desprende do **cadro 2.1.18.**, o 48,4% dos contratos temporais asinados en Galicia tiveron en 2018 unha duración inferior a un mes, e un 17,2% dos contratos temporais foron de un a seis meses.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais, o **cadro 2.1.19.** mostra como o 78,1% contratos son

asinados polo sector servizos (811.069 contratos), acoillendo a industria o 14,8% do total (153.262 contratos), a construción un 4,1% e o sector primario o restante 3,1% (43.826 e 31.868 contratos, respectivamente). A diferenza do acontecido nos anos anteriores, o sector servizos sitúase como o sector de maior crecemento tanto en termos porcentuais (6,2%) como en termos absolutos (47.585 contratos máis). Fronte a estes incrementos, a construción volve a presentar unha redución no último ano, rexistrándose unha caída nos contratos iniciais rexistrados do 2,4% (1.067 contratos menos).

A desagregación sectorial por tipo de contrato mostra

Contratos de trabajo en Galicia e España 2018: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	31.868	3,1	3.044.268	14,2	1,0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	31.868	3,1	3.044.268	14,2	1,0
Industria	153.262	14,8	2.165.875	10,1	7,1
Industrias extractivas	654	0,1	7.153	0,0	9,1
Industria manufacturera	147.860	14,2	2.041.748	9,5	7,2
Subministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	347	0,0	5.563	0,0	6,2
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	4.401	0,4	111.411	0,5	4,0
Construción	42.826	4,1	1.213.288	5,7	3,5
Servizos	811.069	78,1	15.030.262	70,1	5,4
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	114.385	11,0	2.119.742	9,9	5,4
Transporte e almacenamento	102.300	9,8	1.300.586	6,1	7,9
Hostalería	236.030	22,7	4.207.065	19,6	5,6
Información e comunicación	18.976	1,8	522.786	2,4	3,6
Actividades financeiras e seguros	4.957	0,5	98.809	0,5	5,0
Actividades inmobiliarias	1.047	0,1	55.936	0,3	1,9
Activ. prof. cient.e tecn.	27.936	2,7	637.647	3,0	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	84.920	8,2	2.064.783	9,6	4,1
Admón. publ. def. e sso.	22.087	2,1	499.542	2,3	4,4
Educación	35.903	3,5	671.973	3,1	5,3
Activ. san. e serv. soc.	50.954	4,9	1.298.783	6,1	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	81.504	7,8	977.510	4,6	8,3
Outros servizos	19.203	1,8	338.185	1,6	5,7
Actividades do fogar	10.673	1,0	231.504	1,1	4,6
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	194	0,0	5.411	0,0	3,6
Total	1.039.025	100,0	21.453.693	100,0	4,8

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.20.

como, no ámbito do sector servizos destacan polo seu número os contratos eventuais por circunstancias da produción. Neste senso, o 50,6% do total de contratos iniciais do sector terciario son contratos deste tipo (53,2% no conxunto do Estado), o que significa que o 82% dos contratos eventuais rexistrados en Galicia en 2018 pertencen ao sector servizos. Por outra banda, os contratos predominantes na construción e no sector primario corresponden aos contratos por obra ou servizo, ao representar en torno ao 59% dos contratos iniciais asinados en cada un deles (32,9% de media en Galicia).

O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (14,5% do total de contratos), seguido da construción (10,9%). Por baixo da

media galega (5,3%) situaríanse novamente o sector servizos, cun 4,9%, e a industria, cun 3,9%.

Desagregando a nivel de rama de actividade, a hostalería é quen concentra o maior número de contratos, 236.030, o 22,7% das contratacións iniciais galegas, por diante da industria manufacturera e do "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 147.860 e 114.385 contratos, respectivamente (14,2% e 11%). A continuación estarían as actividades de transporte e almacenamento, con 102.300 contratos (9,8%) e as actividades administrativas e servizos auxiliares, con 84.920 contratos, o 8,2% do total (**cadro 2.1.20.**).

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso

Poboación parada 2018: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			Galicia / España			18/17		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	79,5	86,4	165,9	4,7	4,8	4,8	-17,9	-11,9	-29,7
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,3	0,6	0,9	2,0	5,0	3,3	-0,4	0,2	-0,3
Estudios primarios incompletos	2,3	1,5	3,8	4,0	4,0	4,0	-0,2	-0,1	-0,3
Estudios primarios	6,8	5,0	11,8	3,6	3,4	3,5	-3,6	-0,5	-4,1
Educación secundaria primeira etapa	35,6	29,5	65,0	5,1	4,5	4,8	-7,1	-5,8	-12,9
Educación secundaria segunda etapa con orientación xeral	9,5	12,1	21,6	4,2	4,5	4,4	-0,2	2,3	2,1
Educación secundaria segunda etapa con orientación profesional	8,1	9,7	17,8	5,2	4,9	5,0	-0,7	-2,5	-3,2
Educación superior	17,1	27,9	45,0	5,2	5,8	0,1	-5,7	-5,6	-11,2
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	7,1	6,0	13,1	4,4	4,1	4,3	0,3	-0,9	-0,7
Menos de 1 mes	4,9	6,2	11,0	4,6	5,9	5,2	0,6	1,1	1,7
De 1 mes a menos de 3 meses	9,9	9,7	19,6	4,3	4,2	4,3	-2,1	-1,5	-3,6
De 3 meses a menos de 6 meses	8,8	9,4	18,2	4,8	4,6	4,7	-1,1	-0,9	-2,0
De 6 meses a menos de 1 ano	9,6	10,7	20,3	5,0	4,9	4,9	-0,5	0,1	-0,5
De 1 ano a menos de 2 anos	11,0	13,6	24,5	5,0	5,0	5,0	-2,8	-0,8	-3,6
2 anos ou máis	28,3	30,9	59,2	4,9	4,9	4,9	-12,1	-9,2	-21,3
Grupos de idade									
16 - 19 anos	1,9	2,3	4,2	2,6	3,9	3,1	-0,5	0,4	0,0
20 - 24 anos	7,7	6,9	14,6	3,6	4,0	3,8	-1,5	-0,7	-2,3
25 - 34 anos	18,1	20,1	38,1	4,7	4,7	4,7	-3,7	-2,1	-5,7
35 - 44 anos	20,1	24,2	44,3	5,5	5,2	5,4	-5,9	-5,6	-11,5
45 - 54 anos	18,3	20,7	39,0	4,8	4,7	4,7	-3,6	-4,0	-7,6
Máis de 55 anos	13,4	12,3	25,7	5,2	5,0	5,1	-2,6	-0,1	-2,7

Fonte: INE, EPA

2.1.21.

relativo da contratación na industria extractiva, que representa o 9,1% do total estatal, así como das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 8,3%; transporte e almacenamento e industria manufacturera, que representan un 7,9% e 7,2%, respectivamente.

Poboación parada

A Enquisa de Poboación Activa estima a existencia de 165.900 persoas paradas en Galicia no ano 2018, cifra un 46% superior á estimada en 2008 (113.600 persoas). Dende 2013, cando se acadou o máximo do desemprego en Galicia, o mercado laboral galego encadea cinco anos de descenso no volume de poboación parada, estimándose en 2018 un total de 29.700 parados menos que no ano anterior. En termos porcentuais, esta caída sitúase no 15,2%, porcentaxe non só superior á media estatal (11,2%) senón tamén a máis elevada dende o

inicio da recuperación económica. A pesar da continúa redución da poboación activa, a devandita evolución da ocupación explica o descenso da taxa de paro en Galicia, que no conxunto do ano se sitúa no 13,3%, case dous puntos e medio por baixo da media do ano anterior.

O descenso no paro estimado pola EPA favorece tanto a homes como a mulleres, sendo máis acusada no caso dos homes. En termos relativos, o descenso medio do desemprego masculino foi do 18,3% en relación ao ano anterior, 6,2 puntos porcentuais máis que a caída estimada no caso das mulleres. En termos absolutos, dos case 30.000 parados menos, 17.900 persoas son homes e 11.900 mulleres (**cadro 2.1.21.**).

En relación ao desemprego por idades, o paro estimado baixa en todos os grupos de idade tanto no caso dos homes como das mulleres, agás entre as mulleres de

Taxas de paro en Galicia e España 2008-18: distribución segundo grupos de idade

	2008	2015	2016	2017	2018	18/08
						(en puntos porcentuais)
Menores de 25 anos						
Galicia	21,05	43,57	40,31	34,54	32,51	11,46
España	24,45	48,35	44,46	38,66	34,39	9,94
De 16 a 19 anos						
Galicia	31,26	63,52	55,41	59,57	47,59	16,33
España	39,38	67,41	60,25	54,83	50,03	10,65
De 20 a 24 anos						
Galicia	18,62	40,72	38,35	31,29	29,81	11,19
España	20,16	44,60	41,42	35,29	31,06	10,90
Maiores de 25 anos						
Galicia	7,48	18,01	15,95	14,70	12,41	4,93
España	9,70	20,15	17,92	15,72	13,91	4,21
De 25 a 54 anos						
Galicia	7,80	18,85	16,65	15,13	12,69	4,89
España	10,07	20,55	18,21	15,91	14,04	3,97
De 55 e máis anos						
Galicia	5,59	13,90	12,72	12,83	11,23	5,64
España	7,06	17,93	16,44	14,76	13,29	6,23
Total						
Galicia	8,64	19,31	17,15	15,67	13,34	4,70
España	11,25	22,06	19,63	17,22	15,26	4,01

Fonte: INE, EPA

2.1.22.

16 a 19 anos e as maiores de 60 (400 e 200 desempregadas máis, respectivamente). En termos absolutos os descenso máis acusados estímase nos grupos de idade de 35 a 44 anos, con 11.500 parados menos (-20,6%), así como entre as persoas entre 45 e 54 anos, con 7.600 desempregados menos (-16,1%), e no grupo de idade entre 25 e 34 anos, con 5.700 persoas desempregadas menos que en termos relativos supón un descenso do 13% no número de desempregados neste grupo de idade. Entre as persoas maiores de 55 anos, o desemprego descende en 2.600 persoas, das que tan só 100 son mulleres.

As dificultades de empregabilidade e as características socioeconómicas do colectivo de desempregados maiores de 45 anos, fan especialmente preocupante a existencia de case 65.000 desempregados que superan esta idade en Galicia en 2018, o que supón o 39% do paro na Comunidade Autónoma, a porcentaxe máis alta dende o comezo da crise (25,7%).


Dende o ano 2008 ata 2013, o colectivo de maiores de 45 anos foi o que máis incrementou o desemprego, con 59.000 parados máis, mentres que no período de re-

cuperación económica reduciuse en 23.500 persoas. En termos de variación media anual, o maior descenso do desemprego dende o inicio da recuperación prodúcese entre a persoas de 20 a 24 anos e 25 a 34 anos, cunha caída próxima aos 14,5%, situándose esta caída no 6% de media anual no caso das persoas maiores de 45 anos.

Analizando o tempo utilizado na procura de emprego, o descenso do desemprego experimentado en 2018 ven explicado na súa meirande parte pola redución do número de persoas que deixaron o seu último emprego hai dous ou máis anos. En concreto, das 29.700 persoas en que se reduce a poboación parada estimada, 21.300 corresponden ao devandito colectivo (71,5%). Tras esta evolución, en Galicia hai 59.200 persoas que levan máis de dous anos en busca de emprego, das que 30.900 son mulleres. O incremento do desemprego tan só se produce entre aquelas persoas que levan en paro menos dun mes (11.000 persoas, 1.700 máis que no ano anterior).

A nivel sectorial destaca o descenso estimado nos catro grandes sectores, salientando a caída do 14,5% no caso

Taxas de paro 2010-18: distribución segundo nivel formativo (1)



(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014
 Fonte: IGE, EPA

2.1.23.

da construción (800 persoas menos que no ano anterior), por diante da industria, cun 7,9% (1.000 persoas menos) e os servizos e o sector primario, cun 6,9% (–4.100 persoas) e 6,3% (300 menos), respectivamente. A hostalería mantense como a rama de actividade que acolle o maior número de desempregados, con 12.300 persoas, o 7,4% do paro total galego. Asemade, cómpre destacar a redución no paro estimado no subsector de Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria, con 1.800 parados menos (–29,5%), así como nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 1.700 parados menos (–31,5%).

A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2018 descende ata o 13,3%, dous puntos por baixo da media estatal (15,3%). As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (12,4% por 13,7% de media en España) como para as mulleres (14,4% fronte ao 17% no Estado). A taxa de paro no último ano en Galicia reduciuse con maior intensidade que na media do Estado no caso dos homes (2,6 puntos porcentuais fronte á redución de 2 puntos porcentuais acaecida no conxunto do Estado), mentres que foi similar a redución entre as mulleres (dous puntos porcentuais).

O **cadro 2.1.22.** mostra a evolución das taxas de paro

ao longo dos últimos anos, sendo evidente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. A pesar da significativa redución nos últimos anos, as taxas de paro dos menores de 25 anos sitúanse no último ano no 32,5% (34,5% no ano 2017), case dous puntos por baixo da media española (34,4%); en tanto que as dos maiores de 25 anos descende ata o 12,4%, un punto porcentual e medio menos que no conxunto do Estado (13,9%).

Atendendo á distribución da poboación parada en función da súa formación, cómpre destacar que o número medio de desempregados descende no ano 2018 en todos os niveis formativos agás no caso das persoas con educación secundaria segunda etapa con orientación xeral (2.100 persoas máis). En termos porcentuais, o descenso do número de parados con estudos primarios situouse no 25,6% en relación ao ano anterior (4.100 persoas paradas menos), reducíndose nun 22,2% no das persoas analfabetas (300 parados menos), e un 20% (11.200 persoas) no conxunto de persoas con estudos superiores. En termos absolutos a caída máis importante prodúcese entre as persoas con estudos secundarios primeira etapa, con 12.900 parados menos. O **cadro 2.1.23.** mostra a relación inversa que existe entre paro e nivel formativo: dunha banda, as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de for-

Paro rexistrado en Galicia e España 2008-18 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,9	24,6
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	43,5
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	11,4
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
2014	257,0	4.575,9	5,62	-6,9	-5,6
2015	233,4	4.232,1	5,52	-9,1	-7,5
2016	212,6	3.868,9	5,49	-8,9	-8,6
2017	194,4	3.507,7	5,54	-8,5	-9,3
2018	174,7	3.279,1	5,33	-10,2	-6,5
xaneiro	189,9	3.476,5	5,46	-10,5	-7,5
febreiro	188,2	3.470,2	5,42	-11,2	-7,5
marzo	185,1	3.422,6	5,41	-11,9	-7,6
abril	182,3	3.335,9	5,46	-10,9	-6,6
maio	176,7	3.252,1	5,43	-11,5	-6,0
xuño	170,1	3.162,2	5,38	-10,3	-6,0
xullo	163,4	3.135,0	5,21	-10,1	-6,0
agosto	164,4	3.182,1	5,17	-9,2	-5,9
setembro	166,3	3.202,5	5,19	-9,6	-6,1
outubro	169,7	3.254,7	5,22	-8,7	-6,1
novembro	170,4	3.252,9	5,24	-9,0	-6,4
decembro	169,3	3.202,3	5,29	-8,5	-6,2

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
Fonte: IGE

2.1.24.

mación; doutra, tan só as persoas con estudos superiores presentan en 2018 unha taxa de paro inferior á media galega (8,9% no último ano).

O descenso do desemprego en Galicia esténdese novamente ás catro provincias, presentando A Coruña o maior descenso en termos absolutos, con 10.400 desempregados menos, e a provincia de Lugo o máis importante en termos relativos (-28,5%). Na provincia de Pontevedra o desemprego redúcese en 10.200 persoas (12,8% menos que no ano anterior), e finalmente, na provincia de Ourense o descenso foi dun 17,1%, 3.700 persoas desempregadas menos. Pontevedra segue a ser a provincia con maior número de parados (69.300 persoas) por diante da Coruña (64.800), Ourense (17.900 persoas) e Lugo (13.800).


Datos rexistrados nas oficinas de emprego

A evolución do paro rexistrado nas oficinas de emprego

no conxunto do ano 2018 presenta en Galicia os mellores resultados de todas as Comunidades Autónomas. No último ano o desemprego rexistrado descendeu un 10,2% respecto ao ano anterior (case 19.800 persoas) para situarse nas 174.651 persoas, a cifra máis baixa dende o ano 2008. Tras esta evolución, Galicia acolle o 5,3% do paro rexistrado no conxunto de España, cando ao comezo da crise económica esta porcentaxe situábase no 6,4%.

Ao igual que acontece para o conxunto da Comunidade Autónoma, as catro provincias galegas experimentan un descenso superior ao do conxunto do Estado, salientando Lugo e Pontevedra cunha caída do 11,8% e 11,2%, respectivamente. En termos absolutos, o desemprego rexistrado en Pontevedra redúcese en 8.650 persoas respecto ao ano anterior, por diante de A Coruña, con 6.740 parados menos (-8,8%). Tras esta evolución, A Coruña sitúase como a provincia con maior nivel de desemprego, con 69.433 persoas rexistradas

Paro rexistrado 2008-18: evolución mensual



Fonte: IGE

2.1.25.

no Servizo Público de Emprego, lixeiramente por diante de Pontevedra, con 68.616 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 19.556 e 17.045 persoas, respectivamente.

O descenso no número de homes e mulleres rexistrado nas oficinas de emprego non ten a mesma intensidade, sendo máis acusado no caso dos homes. O número de mulleres rexistradas nas oficinas de emprego no último ano situouse en 100.281 persoas, 8.767 menos que no ano anterior (-8%) mentres que había rexistrados un total de 74.370 homes, 11.010 menos que en 2017 (un 12,9% menos).

O paro rexistrado en Galicia acadou o seu máximo nivel no ano 2013, con 276.000 persoas rexistrada nas oficinas de emprego, o que supón un incremento de 113.495 persoas (69,8%) dende o comezo da crise. Co inicio da recuperación económica, o número de persoas en situación de desemprego redúcese de xeito continuado, acadando de media os devanditos 174.651 parados, 101.356 menos que en 2013 (-36,7%). Deste xeito, o nivel de desemprego rexistrado no último ano en Galicia é aínda un 7,5% superior ao existente en 2008, sendo este diferencial do 15,1% no caso dos

homes e do 2,4% no das mulleres. Como se aprecia no **gráfico 2.1.25.**, nos meses de novembro e decembro de 2018, o nivel de desemprego rexistrado en Galicia sitúase por baixo do rexistrado no ano 2008.

Desagregando por grupos de idade, o desemprego rexistrado en 2018 redúcese en todos os grupos de idade, a diferenza do acontecido nos dous últimos anos cando medraba o desemprego entre as persoas maiores de 60 anos. En termos relativos, o descenso do paro en relación ao ano anterior sitúase no 14,3% no caso das persoas con idades comprendidas entre os 35 e 39 anos (3.392 persoas menos), superando lixeiramente o 13% entre as persoas entre 20 e 24 anos e os 30 a 34 anos (-1.017 e -2.481 persoas, respectivamente). Os grupos de idade con descensos inferiores á media galega (-10,2%) foron os de 16 a 19 anos (-5,7%), entre 50 e 54 anos (-8,9%), entre 55 e 59 anos (-9,2%) e 60 a 64 (-1,0%).

Cómpre mencionar que máis da metade das persoas paradas rexistradas en Galicia no ano 2018 teñen máis de 45 anos (53,1%). Atendendo aos distintos grupos quinquenais, os colectivos con maior nivel de desemprego son os de 55 a 59 anos (14,4%), seguido polos de

Paro rexistrado en Galicia e España 2018 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade


2018

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(en miles de persoas)						
Galicia	174.651	6.299	19.762	15.646	117.773	15.174
A Coruña	69.433	1.787	7.713	6.816	47.046	6.070
Lugo	17.045	867	1.315	1.645	11.680	1.536
Ourense	19.556	1.004	2.391	1.737	12.463	1.960
Pontevedra	68.616	2.640	8.342	5.448	46.578	5.608
España	3.279.079	153.218	287.466	283.498	2.267.810	287.087

18/17

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(%)						
Galicia	-10,2	-11,6	-12,6	-20,6	-8,3	-8,1
A Coruña	-8,8	-9,8	-12,6	-18,7	-6,9	-6,1
Lugo	-11,8	-13,6	-13,6	-22,6	-10,0	-9,8
Ourense	-9,7	-14,3	-10,0	-20,1	-8,5	-3,8
Pontevedra	-11,2	-11,1	-13,1	-22,3	-9,3	-11,0
España	-6,5	-9,0	-9,3	-13,8	-4,9	-6,7

(taxas de variación interanuais)



(1) medias anuais

Fonte: IGE; Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.1.26.

50-54 e 45-49 anos, cunha porcentaxe superior ao 13% en ámbolos dous casos.

A nivel sectorial, destaca o descenso do paro rexistrado en todos os sectores produtivos salientando novamente a construción, cunha caída do 20,6% (4.056 persoas paradas menos que no ano anterior), e o sector industrial, cunha redución do 12,6% (-2.844 persoas). En termos

absolutos a caída máis acusada rexístrase no sector servizos, con 10.714 persoas desempregadas menos (8,3%). Na actividade agraria e pesqueira o descenso foi do 11,6% respecto ao ano anterior (829 persoas menos).

Tras esta evolución, os datos recollidos no **cadro 2.1.26.** amosan que o sector servizos acolle un total de 117.773 parados, o 67,4% dos parados rexistrados en

Galicia (69,2% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 19.762 parados, o 11,3% (8,8% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados nas actividades da construción sitúase en 15.646 persoas, o 9% do total galego (8,6% en España) e no sector primario 6.299 persoas, o 3,6% (4,7% do total de paro rexistrado a nivel estatal).

O crecemento da actividade económica non últimos anos incidiu nun descenso continuado do desemprego nos distintos sectores, destacando tanto a evolución do sector industrial como o da construción. En ambos os dous casos, recupérase a totalidade do emprego perdido ao longo da crise económica, de tal xeito que o nivel de desemprego no último ano é máis dun 20% inferior ao rexistrado no ano 2008. Pola contra, tanto o sector servizos como o conxunto do sector primario, a pesar do descenso do 27,6% e 36,7% rexistrado dende o ano 2013, presenta un nivel de paro superior ao de 2008 (**cadro 2.1.26.**). En 2018, o nivel de paro rexistrado no sector primario é un 25,4% superior ao rexistrado no ano 2008, porcentaxe que se sitúa no 31% no caso dos servizos.

Poboación inactiva

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

O número de persoas inactivas en Galicia redúcese novamente no conxunto do ano 2018, acadando as 1.090.500 persoas, das que o 56,5% son mulleres (616.400 persoas). Ao igual que no ano anterior, o descenso da poboación inactiva explícase pola caída do número de mulleres inactivas, que no último ano foi dun 0,8% (5.100 mulleres inactivas menos que en 2017). Por contra, o incremento do número de homes inacti-

vos foi dun 1%, 2.100 máis que no ano precedente.

No concernente á clase principal de inactividade na Comunidade Autónoma, o devandito descenso da inactividade explícase pola redución experimentada no caso das persoas que se dedican ás labores do fogar, das persoas receptoras dunha pensión distinta a de xubilación ou prexubilación e daquelas que presentan unha incapacidade permanente. No lado oposto, volve a incrementarse o número de estudantes e, en menor medida, o de persoas xubiladas.

Tras un incremento de 1.600 persoas (0,3%), as persoas xubiladas representan o 47,6% da poboación inactiva en Galicia (519.000 persoas), porcentaxe significativamente superior á media estatal (39,1%). A segunda causa máis importante de inactividade é a de persoas dedicadas ás labores do fogar, que tras un descenso de 8.100 persoas respecto ao ano anterior (-3,9%), representa o 18,5% da poboación inactiva (201.600 persoas), 4,6 puntos porcentuais menos que en España, seguido polos estudantes, que representan o 13,9% (151.700 persoas), case tres puntos porcentuais menos que no Estado.

En Galicia o 85,7% das persoas inactivas debido a que se dedican ás “labores de fogar” son mulleres (172.800 persoas), case cinco puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, mentres que pola contra, o peso relativo das mulleres no total de xubilados en Galicia é do 42,5% (220.800 mulleres), case seis puntos por riba da media estatal (**cadro 2.1.27.**). Asemade, hai que mencionar que o 90,8% das persoas inactivas por ter outras responsabilidades familiares ou persoais son mulleres (51.400 persoas), sendo esta relación de 87,5% no caso das inactivas por coidado de nenos ou de adultos enfermos, discapacitados ou maiores (30.000 mulleres).

Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, o incremento da inactividade entre os homes explícase en boa medida pola evolución das persoas que están cursando estudos ou recibindo formación (2.200 persoas) e daqueles que se dedican ao coidado de menores ou adultos enfermos ou discapacitados (1.400 persoas). Pola contra, redúcese no caso das persoas que teñen ou-

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-18 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	Galicia				
	2008	2016	2017	2018	2018/08
	<i>(en miles de persoas)</i>				<i>(%)</i>
Total	1.086,3	1.093,7	1.093,6	1.090,5	0,4
Homes	422,8	467,1	472,0	474,2	12,1
Mulleres	663,5	626,7	621,5	616,4	-7,1
Estudiante	147,9	142,2	144,0	151,7	2,6
Homes	65,5	69,4	72,4	76,1	16,1
Mulleres	82,4	72,8	71,6	75,6	-8,3
Xubilado	468,4	512,1	517,4	519,0	10,8
Homes	263,3	293,3	297,5	298,2	13,2
Mulleres	205,2	218,8	219,8	220,8	7,6
Labores do fogar	240,0	212,6	209,7	201,6	-16,0
Homes	21,6	31,3	30,5	28,8	33,2
Mulleres	218,4	181,3	179,1	172,8	-20,9
Incapacidade permanente	111,8	86,0	88,9	87,1	-22,1
Homes	50,8	43,7	45,3	46,4	-8,8
Mulleres	61,0	42,3	43,5	40,8	-33,2
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	123,8	116,6	111,1	13,8
Homes	8,6	17,8	15,0	11,1	28,8
Mulleres	89,0	106,0	101,7	100,0	12,4
Outra	20,5	17,0	17,1	20,2	-1,7
Homes	13,0	11,6	11,3	13,7	5,0
Mulleres	7,5	5,4	5,8	6,5	-13,3

	España				
	2008	2016	2017	2018	2018/08
	<i>(en miles de persoas)</i>				<i>(%)</i>
Total	15.324,6	15.708,8	15.912,4	16.079,9	4,9
Homes	5.747,8	6.540,3	6.631,0	6.702,2	16,6
Mulleres	9.576,7	9.168,5	9.281,4	9.377,7	-2,1
Estudiante	2.259,2	2.551,9	2.577,8	2.694,5	19,3
Homes	1.049,9	1.262,6	1.278,1	1.321,7	25,9
Mulleres	1.209,3	1.289,3	1.299,7	1.372,8	13,5
Xubilado	5.181,3	6.089,9	6.227,2	6.290,2	21,4
Homes	3.503,7	3.964,6	3.997,4	3.978,6	13,6
Mulleres	1.677,6	2.125,3	2.229,8	2.311,5	37,8
Labores do fogar	4.606,3	3.784,6	3.761,2	3.713,7	-19,4
Homes	285,6	377,9	371,4	358,2	25,4
Mulleres	4.320,8	3.406,7	3.389,9	3.355,5	-22,3
Incapacidade permanente	1.099,8	1.208,3	1.257,2	1.262,8	14,8
Homes	472,9	557,1	580,2	607,1	28,4
Mulleres	627,0	651,2	677,0	655,7	4,6
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.796,6	1.749,1	1.709,5	1.664,6	-7,3
Homes	170,5	163,7	166,6	168,7	-1,1
Mulleres	1.626,0	1.585,4	1.542,9	1.495,9	-8,0
Outra	381,3	325,1	379,5	454,3	19,1
Homes	265,2	214,4	237,3	267,9	1,0
Mulleres	116,1	110,7	142,2	186,4	60,6

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

2.1.27.

tras responsabilidades familiares ou persoais ou que están xubiladas (2.500 e 2.200 homes menos). No caso das mulleres, salienta o descenso experimentado no número das mulleres dedicadas ao coidado de menores ou adultos enfermos ou discapacitados e por enfermidade ou incapacidade propia (2.700 e 2.600 menos). Pola contra, aumenta en 2.200 persoas no caso das mulleres que están cursando estudos ou recibindo formación.

Analizando os motivos de non buscar emprego, o número de persoas que creen que non van a atopar emprego descende no último ano en 800 (-3,5%), o descenso máis reducido dende o comezo da recuperación económica. Asemade, continúa a caída das persoas que afirman ter outras responsabilidades familiares ou persoais, con 4.600 persoas inactivas menos (-7,5%). No ano 2018 o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 266.900 persoas (24,5% da poboación inactiva total), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo formación, con 145.300 persoas (13,3%) e de enfermidade ou incapacidade propia, con 120.700 persoas (11,1%). □

2.2.

Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou en 2018 unha medra nominal do 1,99%, catro décimas superior ao incremento rexistrado no ano anterior, o que o sitúa novamente por riba do incremento no conxunto do Estado. Esta subida ven motivada tanto pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 2,02% en relación ao ano anterior (1,58% no ano 2017), como nos convenios de empresa, cunha medra do 1,51% (1,14% no ano anterior).

Como se aprecia no **cadro 2.2.1.**, Galicia presenta aumentos salariais superiores aos do último ano, situándose por riba do rexistrado de media no conxunto do Estado tanto no caso dos convenios de empresa como nos convenios doutro ámbito.

O custo laboral por traballador e mes aumenta en Galicia no ano 2018 un 1,1% (unha décima máis que no conxunto do Estado) para situarse nos 2.313,15 euros de media, un 10,1% inferior ao custo laboral en España. Este custo laboral é o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os cha-

mados “outros custos” (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). Comparado co resto das CC.AA., os datos da Enquisa trimestral do mercado laboral (INE) reflicten que Galicia sitúase nunha posición intermedia, presentando seis Comunidades Autónomas custos laborais máis baixos: Estremadura (2.090,44 euros por traballador e mes), Canarias (2.204,24 euros), Andalucía (2.263,03 euros), Murcia (2.274,29 euros), Castela A Mancha (2.289,93 euros) e a C. Valenciana (2.300,18 euros).

O sector de actividade cos custos laborais máis elevados tanto en Galicia como en España foi novamente a industria, cunha media de 2.808,04 euros en Galicia, o que representa o 91% da media estatal (**cadro 2.2.2.**). Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.563,81 euros (o 97,4% do custo medio estatal) e os servizos, con 2.168,96 euros (o 87,6% da media española). En relación ao ano anterior, cómpre resaltar que tanto a construción como a industria presentan en Galicia unha evolución máis positiva que no conxunto do Estado, a diferenza do acontecido co sector servizos, onde o custo laboral descende en Galicia un 0,3% fronte á medra do 1,1% en España.

Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-2018

	2008	2015	2016	2017	2018
	(%)				
Galicia					
Convenios totais	4,19	0,88	0,83	1,54	1,99
Convenios de empresa	3,43	0,42	0,86	1,14	1,51
Convenios doutro ámbito	4,29	0,94	0,82	1,58	2,02
España					
Convenios totais	3,00	0,71	1,01	1,50	1,75
Convenios de empresa	3,00	0,46	0,84	1,22	1,38
Convenios doutro ámbito	3,00	0,73	1,02	1,52	1,77

(data da consulta 22-01-2019)

(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa

Fonte: Ministerio Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

2.2.1.


Custos laborais en Galicia e España 2017-18: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

	2017							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.288,87	2.712,02	2.396,51	2.175,64	2.547,36	3.065,29	2.604,68	2.448,05
Custo salarial total	1.687,42	1.999,60	1.654,07	1.614,27	1.900,10	2.279,38	1.843,04	1.834,25
Custo salarial ordinario	1.472,28	1.671,68	1.466,58	1.424,10	1.639,23	1.908,92	1.606,23	1.591,89
Outros custos	601,45	712,42	742,44	561,37	647,26	785,91	761,65	613,80
Custo por percepción non salariais	56,56	62,81	109,30	50,17	67,94	73,74	98,42	64,74
Custo por cotizacións obrigatorias	555,89	661,76	642,05	522,12	592,99	725,53	673,59	563,00
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,00	12,14	8,91	10,91	13,66	13,37	10,37	13,94
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,64	19,36	16,44	17,31	19,79	22,04	18,04	19,47
Custo salarial total por hora	13,01	14,28	11,35	12,84	14,76	16,39	12,77	14,59
Custos salarial ordinario por hora	11,35	11,93	10,05	11,33	12,74	13,73	11,13	12,66
Outros custos por hora	4,64	5,08	5,09	4,47	5,03	5,65	5,28	4,88
	2018							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.313,15	2.808,04	2.563,85	2.168,96	2.573,08	3.084,72	2.632,10	2.475,94
Custo salarial total	1.703,09	2.085,24	1.764,27	1.604,12	1.919,42	2.289,28	1.869,55	1.855,96
Custo salarial ordinario	1.490,78	1.749,84	1.513,95	1.425,44	1.658,27	1.925,64	1.617,67	1.612,73
Outros custos	610,06	722,81	799,58	564,84	653,66	795,45	762,56	619,98
Custo por percepción non salariais	60,82	54,25	144,31	54,62	67,74	74,57	88,07	65,02
Custo por cotizacións obrigatorias	560,21	680,06	664,11	521,25	598,96	733,21	684,99	568,32
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,97	11,50	8,84	11,04	13,04	12,33	10,50	13,35
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,84	20,02	17,80	17,26	20,02	22,19	18,26	19,73
Custo salarial total por hora	13,14	14,87	12,25	12,76	14,93	16,46	12,97	14,79
Custos salarial ordinario por hora	11,50	12,47	10,53	11,34	12,91	13,86	11,23	12,86
Outros custos por hora	4,71	5,15	5,55	4,50	5,09	5,73	5,29	4,94

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.2.2.

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia 2008, 2013, 2017 e 2018. España = 100



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2.2.3.

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura (1.345,05 euros), Murcia (1.430,35 euros), Canarias (1.445,50 euros), Andalucía (1.464,36 euros) e Castela A Mancha (1.470,13 euros). Tras un incremento do 1,3% respecto ao ano anterior (1,2% no conxunto de España) estas ga-

nancias acadaron no último ano os 1.490,79 euros, 167,49 euros menos que a media estatal.

• Produtividade aparente do factor traballo

A pesar da ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica, cun incremento do PIB real do 2,8% no ano 2018, catro décimas menos que no ano

anterior, os tres indicadores do mercado de traballo presentan un mellor comportamento que o experimentado no ano precedente. Dunha banda, a taxa de variación interanual tanto das afiliacións como da poboación ocupada ascende ata o 2,4%, a porcentaxe máis elevada dende a crise económica, en tanto que o número de postos de traballo equivalentes a xornada completa o fai nun 1,9%, o valor máis elevado dende 2008, agás 2016.

Non obstante, a pesar do dinamismo económico no último ano continúa o descenso da poboación activa, producíndose esta caída a un ritmo inferior ao rexistrado no ano anterior (-0,4% e -0,6%, respectivamente). A partir dos datos recollidos nas Contas trimestrais, pódese realizar unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo (PFT), tomando como indicadores ben o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Ambos os dous indicadores presentan no último ano unha evolución positiva, se ben seguen a estar por baixo da media española.

Como se aprecia no **cadro 2.2.3.**, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2018 o 96,3% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,8% do ano 2008 e o 89,8% de 2013. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe ascende ata o 91,9% en 2018 fronte ao 82,1% de 2008 (83,5% en 2013).

A mellora relativa da produtividade ven xustificada tanto por un maior crecemento do PIB en termos monetarios, que en Galicia se sitúa no 3,7%, dúas décimas máis que no conxunto do Estado, como fundamentalmente polo menor dinamismo do mercado de traballo. O número de postos de traballo medrou en Galicia un 1,9% respecto ao ano anterior e as horas traballadas o fixeron un 0,5% (2,6% e 2,8% en España, respectivamente). Deste xeito a produtividade mellorou en Galicia un 1,8% no primeiro caso, e un 3,2% se se mide en relación ás horas traballadas (0,9% e 0,7% no Estado, respectivamente).


Atendendo á súa distribución sectorial, todos os sectores presentan en Galicia un incremento da produtividade aparente do factor traballo. Non obstante, tan só o sector primario presenta unha produtividade aparente superior á española en termos da postos de traballo equivalente, en tanto que esta situación rexístrase no caso da construción se a PFT se mide en termos do número de horas traballadas. No extremo oposto cómpre resaltar que a produtividade aparente da industria manufacturera, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, mantense no último ano en torno ao 80% da media española, porcentaxe aínda inferior á rexistrada antes da crise económica (84,1% en 2008).

Ingresos salariais nas fontes tributarias

O estudo dos ingresos salariais realízase sobre os datos proporcionados pola estatística *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias*, que se basea nas declaracións anuais do Modelo 190. A Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. O apartado deste capítulo céntrase na óptica do perceptor e máis concretamente nos asalariados. O colectivo de asalariados está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Tal como se indica en memorias anteriores, o número de asalariados nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferencias é o feito que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se soen presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo.

Evolución do salario medio anual ⁽¹⁾ en Galicia e España 2008-2017. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.4.

Dito doutra forma, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

No que respecta aos salarios tamén hai diferencias, por parecidos motivos. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferencias conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo os asalariados, como se ten comentado, mídense aquí sen ter en conta

o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas cales o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

Tendo en conta o dito anteriormente, os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Facenda ascenderon no ano 2017 (últimos dispoñibles) ata os 18.463 euros, o 96,3% do total estatal, o que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA. Como se aprecia no **gráfico 2.2.4.**, o salario medio aumenta en 349 euros en relación ao declarado no ano anterior, consecuencia dun incremento do 3,3% da masa salarial asociado a un aumento do 1,3% do número de asalariados. No conxunto do Estado o salario medio aumenta en 337 euros tendo en conta que a

Asalariados (2) e salario medio por tramo salarial: 2008-2017 (1)

	2008				2017			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)	(euros)	(%)		(%)	(euros)	(%)
De 0 a 0,5 SMI	152.228	13,4	1.851	10,4	182.120	17,8	2.020	10,9
De 0,5 a 1 SMI	131.332	11,6	6.367	35,9	139.000	13,6	7.498	40,6
De 1 a 1,5 SMI	167.344	14,7	10.651	60,1	166.160	16,2	12.507	67,7
De 1,5 a 2 SMI	221.650	19,5	14.737	83,1	181.844	17,7	17.231	93,3
De 2 a 2,5 SMI	146.661	12,9	18.678	105,3	113.150	11,0	22.037	119,4
De 2,5 a 3 SMI	84.978	7,5	22.915	129,2	69.400	6,8	27.165	147,1
De 3 a 3,5 SMI	60.406	5,3	27.250	153,6	55.826	5,4	32.040	173,5
De 3,5 a 4 SMI	44.760	3,9	31.419	177,1	36.571	3,6	37.097	200,9
De 4 a 4,5 SMI	36.111	3,2	35.621	200,8	26.069	2,5	41.912	227,0
De 4,5 a 5 SMI	26.756	2,4	39.621	223,4	14.487	1,4	46.869	253,9
De 5 a 7,5 SMI	44.097	3,9	49.837	281,0	29.760	2,9	59.040	319,8
De 7,5 a 10 SMI	12.103	1,1	71.566	403,5	7.110	0,7	83.585	452,7
Máis de 10 SMI	6.428	0,6	126.346	712,4	3.681	0,4	179.152	970,3
TOTAL	1.134.854	100	17.736	100	1.025.178	100	18.463	100

(1) SMI en 2008: 8.400 € en 2017 a 9.907,80 €

(2) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo. Fonte: Agencia Tributaria

2.2.5.

masa salarial medra un 4,4% e o número de asalariados, un 2,5%.

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é sensiblemente inferior ao dos homes. En Galicia os homes declaran un ingreso medio de 20.554 euros, un 4% inferior á media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 16.123 euros, un 2,7% inferior á percepción salarial media das mulleres en España. Ao contrario do acontecido nos dous anos anteriores, a diferenza salarial entre homes e mulleres descende lixeiramente no último ano en Galicia (medra no conxunto do Estado). Tomando como indicador da brecha salarial a rateo mulleres/homes, este acadaba en 2017 un valor do 78,4%, porcentaxe lixeiramente superior á do ano anterior. A pesar de que o conxunto do Estado o ingreso salarial medio dos homes e das mulleres é superior ao declarado en Galicia, o diferencial existente entre homes e mulleres é máis acusado que na Comunidade Autónoma (a rateo mulleres/homes mantense en España no 77,4%).


A análise da distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao salario mínimo interprofesional (SMI), **cadro 2.2.5.**, reflicte que o 31,3% dos asalariados, 321.120 asalariados,

declara unha percepción salarial inferior ao SMI, porcentaxe que ascende ata o 65,3% se se toma como referencia o dobre do SMI (25% e 59,3%, respectivamente, en 2008). Isto contrasta co 0,4% de persoas asalariadas que declaran uns ingresos salariais de máis de dez veces o SMI.

No período 2008- 2017, o número de asalariados totais descende un 9,7% (109.676 persoas menos), rexistrándose tan só un incremento nos asalariados cun tramo salarial de ingresos inferiores ao SMI, con 37.560 asalariados máis neste tramo de ingresos (13,2%). No extremo oposto, descende o número de persoas que cobran dez veces máis que o SMI aínda que aumenta case un 42% os seus ingresos salariais medios. Asemade, cómpre destacar que se reduce lixeiramente as diferencias salariais entre os dous extremos da serie, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis declaran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2017 esta proporción era de 89 veces (92 no ano 2016).

No que se refire á distribución segundo grupos de idade, o **gráfico 2.2.6.** amosa que o ingreso salarial medio experimenta unha tendencia crecente ata a idade de xubilación. Xusto antes da mesma o ingreso

Salario medio 2008 e 2017. Distribución segundo grupo de idade



(1) SMI en 2008: 8.400 € en 2017 a 9.907,80 €
 Fonte: Agencia Tributaria

2.2.6.

Asalariados (1) e salario medio por sectores: 2009-2017

	2009				2017			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual	(%)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual	(%)
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	22.570	2,1	13.807	75,8	24.596	2,4	15.346	83,1
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	1,6	24.009	131,8	11.267	1,1	27.861	150,9
Industria	155.134	14,2	18.853	103,5	138.203	13,5	20.152	109,1
Construcción e actividades inmobiliarias	132.698	12,1	16.361	89,8	76.911	7,5	17.535	95,0
Comercio, reparación e transportes	234.185	21,4	15.586	85,6	227.756	22,2	17.355	94,0
Información e comunicacións	24.513	2,2	21.111	115,9	19.730	1,9	23.257	126,0
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	2,7	31.938	175,3	20.979	2,0	33.338	180,6
Servizos ás empresas	120.271	11,0	14.326	78,6	130.480	12,7	14.303	77,5
Servizos sociais	259.149	23,7	24.510	134,5	250.297	24,4	23.938	129,7
Outros servizos persoais e de lecer	96.773	8,9	9.128	50,1	124.958	12,2	9.078	49,2
TOTAL	1.092.431	100	18.217	100	1.025.178	100	18.463	100

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.7.

medio ascendía ata os 24.096 euros en 2017, contía que descende ata os 10.975 euros a partir dos 65 anos. Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional en 2017 ascende a 9.907,80 euros, os menores de 25 anos ingresan menos que o SMI, cando no ano 2008 isto só acontecía nos menores de 18 anos.

O ingreso salarial medio do ano 2017 é inferior ao declarado no ano 2008 en todos os grupos agás no de 56 a 65 anos (720 euros máis) e entre as persoas de 36 a 45 anos (187 euros máis). Cómpre resaltar o forte des-

censo no salario medio declarados polas persoas maiores de 65 anos, cunha redución de case o 28% en relación a 2008 (4.211 euros menos), así como o declarado polas persoas menores de 25 anos, cunha caída superior aos 2.000 euros (-48,4% no caso dos menores de 18 anos e de -24,2% entre as persoas de 18 a 25 anos).

Finalmente, no que á distribución segundo ramas de actividade se refire, o **cadro 2.2.7.** indica que a actividade con ingresos salariais medios máis elevados segue sendo a das entidades financeiras e aseguradoras, con

33.338 euros, máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 15.346 euros brutos anuais.

Cinco ramas de actividade presentan uns ingresos salariais medios superiores ao dobre do salario medio anual en Galicia: industria extractiva, enerxía e auga; industria; información e comunicacións; entidades financeiras e aseguradoras; e servizos sociais. Esas cinco actividades concentran o 43% dos asalariados en 2017, un punto porcentual e medio menos que no ano 2009. 

2.3.

Relacións laborais e formación

Ao longo do ano 2018 continúa o incremento do número de convenios colectivos e de persoas traballadoras afectadas, rexistrándose por contra unha acusada medra do número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego. No concernente á conflictividade laboral, salienta o descenso do número de folgas así como da redución tanto das persoas participantes e das xornadas non traballadas. Por último, resaltar o incremento do número de accidentes de traballo con baixa laboral, que se produce no caso dos accidentes leves como mortais.

Negociación colectiva

Seguindo coa tendencia de anos anteriores, en 2018 continúa o incremento do número de convenios colectivos existentes en Galicia, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente. A 31 de decembro de 2018, existen en Galicia un total de 1.006 convenios, 29 máis que na mesma data do ano anterior, dos que 125 son sectoriais e 881 de empresa (124 e 853 convenios no ano precedente, respectivamente). Segundo os datos do *Observatorio da negociación colectiva* do Consello Gallego de Relacións Laborais (CGRL), **cadro 2.3.1.**, os con-

venios colectivos existentes afectan a 492.003 persoas traballadoras, o que supón unha medra de máis de 54.000 persoas en relación ao ano anterior.

A provincia de Pontevedra é a que ten asinados máis convenios colectivos, tanto no ámbito sectorial como de empresa, con 376 convenios (o 37,4%), por diante de A Coruña, con 337 (33,5%), e Lugo e Ourense con 121 e 102, respectivamente (12% e 10,1%). O restante 7% dos convenios colectivos existentes no último ano (70 convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial.

Dos devanditos 1.006 convenios existentes, o número de convenios colectivos con vixencia expresa en 2018 ascende a 336 (o 33,4% do total de convenios), dos que 52 son convenios de sector (41,6%) e os restantes 284 de empresa (32,2% dos convenios de empresa). En relación ao ano anterior, o número de convenios aumenta tanto no caso dos convenios de empresa como dos de sector, con trinta e dezasete convenios máis, respectivamente.

Por terceiro ano consecutivo, en 2018 aumenta o nú-

Convenios colectivos existentes 2017-18 ⁽¹⁾

2017						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	977	68	330	116	96	367
Sector	124	19	30	23	20	32
Empresa	853	49	300	93	76	335

2018						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.006	70	337	121	102	376
Sector	125	20	30	23	20	32
Empresa	881	50	307	98	82	344

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2017-18

2017								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	201	210.457	139	163.027	28	38.162	34	9.268
Sector	32	191.539	22	152.363	8	30.991	2	8.185
Empresa	169	18.918	117	10.664	20	7.171	32	1.083

2018								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	204	259.362	148	168.608	29	89.307	27	1.447
Sector	37	240.482	27	158.038	9	82.006	1	438
Empresa	167	18.880	121	10.570	20	7.301	26	1.009

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.2.

mero de convenios asinados ou revisados en Galicia con efectos para ese mesmo ano. Os 177 convenios con efectos para 2018 (148 asinados e 29 revisados) afectan a 257.915 persoas traballadoras, 56.726 máis que no ano anterior. Segundo se reflicte no **cadro 2.3.2.**, destes 177 convenios, 36 corresponden a convenios de ámbito sectorial e afectan a 240.044 persoas e 141 son de empresa e afectan a 17.871 persoas traballadoras.

Ao longo de 2018 negociáronse por primeira vez un total de 27 convenios, sete menos que no ano anterior,

dos que 26 convenios son de empresa. Este descenso é consecuencia tanto da redución do número de convenios de ámbito sectorial como dos de empresa (2 e 32 convenios negociados no ano 2017). Tras esta caída, o número de traballadores afectados nestes convenios descende en Galicia ata as 1.447 persoas (1.009 en convenios de empresa), 7.821 persoas traballadoras menos que no ano precedente. Na provincia de Pontevedra asináronse dez convenios por primeira vez que afectan a 338 traballadores e na provincia de A Coruña asináronse seis, que afectan a 274 persoas.

**Xornada media pactada na negociación colectiva 2017-18:
distribución segundo sector económico**

	2017	2018
	<i>(en horas / ano)</i>	
Total	1.770,18	1.768,54
Agricultura e pesca	1.740,00	1.752,00
Industria	1.766,76	1.758,75
Construción	1.736,04	1.736,24
Servizos	1.787,18	1.792,73

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.3.

Recollen "pacto de ultraactividade", entendido este como o mantemento das condicións pactadas nos convenios colectivos, pese á finalización da súa vixencia, o 88,9% dos convenios de sector asinados en 2018 e o 82,6% dos convenios de empresa.

Por outra banda, os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados no último ano foron 78, dos que 50 son empresa e 28 de ámbito sectorial. O número de persoas traballadoras afectadas ascende a 84.243 persoas.

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2018 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 1,84%. Este incremento é superior á medra do IPC galego, que foi do 1%, e ao estatal, que foi do 1,2%.

No concernente aos convenios asinados ou revisados que recollen cláusulas de revisión salarial, no ano 2018 o 25,7% dos convenios asinados (38 convenios) e o 27,6% dos revisados (8 convenios) recollen estas cláusulas, o que supón que se ven afectadas por estas cláusulas o 36,6% das persoas traballadoras con convenio asinado e o 83,5% con convenio revisado.

A xornada media pactada en Galicia, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, mantense relativamente estable no último ano, ao situarse nas 1.768,54 horas/ano, case dúas horas/ano menos en re-

lación 2017. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.728,86 horas fronte a 1.771,13 horas, respectivamente).

Analizando a xornada media pactada nos distintos sectores, o **cadro 2.3.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.792,73 horas, cinco horas e media máis que no ano anterior. A continuación situaríase o sector industrial, que tras un descenso de oito horas, presenta unha xornada media pactada de 1.758,75 horas, e o sector agrario e pesqueiro, con 1.752 horas (doce horas máis que no ano anterior).

A *Enquisa trimestral do custo laboral* do INE reflicte que Canarias mantense como a Comunidade Autónoma co maior número de horas pactadas por traballador e mes, con 153,7 horas, seguida por Madrid e Baleares, que superan as 152,5 horas, e Galicia e Cantabria, con máis de 151 horas mensuais. Todos os sectores presentan en Galicia un tempo de traballo superior á media estatal, salientando a construción, onde Galicia, xunto con Canarias, é a Comunidade Autónoma que presenta o maior número de horas pactadas, con 166,5 horas (163,9 no conxunto do Estado) (**cadro 2.3.4.**).

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, descende lixeiramente en Galicia ata as 129,9 horas do ano 2018 (130,1 no ano anterior), fronte ás

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-18 ⁽¹⁾: distribución segundo sector

	2008				2018			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	(en horas pactadas/traballador/mes)							
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	146,2	160,3	164,9	142,9
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	148,5	165,8	164,4	142,4
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	150,1	161,6	165,6	146,3
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	152,5	161,1	165,2	150,5
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	153,7	164,0	166,5	152,1
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	151,1	164,0	166,2	146,9
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	147,5	163,4	164,2	141,6
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	148,3	164,1	164,7	142,9
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	149,9	165,1	161,7	146,0
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	147,0	163,5	160,8	141,8
Extremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	144,4	161,4	165,0	140,5
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	151,2	164,9	166,5	146,4
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	152,7	165,9	165,4	150,7
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	149,1	162,6	160,3	145,0
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	148,9	163,6	160,3	141,4
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	147,4	161,8	162,1	142,3
A Ríoxa	153,7	168,1	167,4	144,0	148,6	166,6	166,4	140,3
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	149,5	163,8	163,9	145,8

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.4.

128,7 horas no conxunto do Estado. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia unha xornada de 144,8 horas efectivamente traballadas, similar á media estatal, e os traballadores a tempo parcial, un total de 75,6 horas ao mes (77,9 horas no conxunto do Estado).

Tal como acontece en anos anteriores, o **cadro 2.3.5.** amosa que a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

A pesar do devandito descenso do 0,2% no número de horas efectivamente traballadas, o custo laboral total por hora incrementábase un 1,1%, acadando un valor monetario de 17,84 euros, fronte aos 20,02 euros de media en España. O **cadro 2.2.2. [Custos laborais en Galicia e España 2017-18: distribución segundo sectores económicos e compoñentes]** reflicte que o custo salarial ordinario por hora medra un 1,3%, situándose tamén por baixo da media estatal (11,50 euros e 12,91 euros, respectivamente).

Finalmente, un aspecto a ter en conta á hora de anali-

zar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL no ano 2018 rexístrase un descenso no número de inaplicacións de convenios (49 fronte aos 67 do ano anterior) que vai acompañados dunha redución do número de traballadores afectados, 799 persoas traballadoras, un 16,2% menos que no ano anterior. No sector servizos rexistráronse 35 inaplicacións, seguido pola industria con 13, afectando a 350 e 422 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.3.6.**, o maior número de inaplicacións de convenios rexistradas prodúcese en empresas con cinco ou menos traballadores (23), seguidas polas rexistradas en empresas de 6 a 30 traballadores, con 18 inaplicacións.

En relación aos efectos das medidas de regulación de emprego, tras o descenso moi significativo rexistrado en Galicia no ano 2017, no último ano prodúcese un forte incremento do número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, que se sitúa en 6.083 persoas, un 82,2% máis que no ano anterior (2.744 persoas máis). En relación ao acontecido no conxunto do Estado, Galicia acolle o 8,3% dos

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2017-18: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

	2017							
	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Ambas xornadas	149,6	151,3	163,2	164,3	163,8	166,5	146,1	146,8
Xornada a tempo completo	168,8	169,1	170,4	171,0	170,7	170,8	168,2	168,4
Xornada a tempo parcial	88,2	84,9	91,7	104,8	85,9	69,3	88,0	83,2
Horas pagadas								
Ambas xornadas	150,0	151,5	164,1	165,2	164,2	167,1	146,4	146,8
Xornada a tempo completo	169,1	169,3	171,4	172,1	171,2	171,3	168,4	168,2
Xornada a tempo parcial	88,7	85,3	91,9	105,0	85,9	69,2	88,5	83,6
Horas efectivas								
Ambas xornadas	128,9	130,1	139,5	140,4	144,6	146,1	125,9	126,0
Xornada a tempo completo	144,9	144,8	145,4	145,9	150,5	149,7	144,3	143,9
Xornada a tempo parcial	77,9	75,0	81,3	92,7	77,8	62,3	77,7	73,4
Horas non traballadas								
Ambas xornadas	21,4	22,0	24,9	25,3	19,9	21,2	20,8	21,2
Xornada a tempo completo	24,6	25,0	26,4	26,8	20,9	21,8	24,5	24,8
Xornada a tempo parcial	10,9	10,5	10,7	12,9	8,3	7,0	10,9	10,3
Horas extras por traballador								
Ambas xornadas	0,7	0,6	1,2	1,2	0,6	0,7	0,6	0,4
Xornada a tempo completo	0,7	0,6	1,3	1,2	0,7	0,8	0,6	0,4
Xornada a tempo parcial	0,7	0,5	0,4	0,7	-	-	0,7	0,5
	2018							
	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Ambas xornadas	149,5	151,2	163,8	164,9	163,9	166,5	145,8	146,4
Xornada a tempo completo	168,9	169,3	170,6	171,3	170,8	170,9	168,3	168,6
Xornada a tempo parcial	88,2	85,1	94,8	104,6	87,1	66,0	87,8	83,6
Horas pagadas								
Ambas xornadas	149,9	151,5	164,7	165,9	164,4	166,6	146,1	146,5
Xornada a tempo completo	169,2	169,6	171,5	172,5	171,2	171,1	168,5	168,6
Xornada a tempo parcial	88,7	85,3	95,0	103,7	87,1	65,9	88,4	84,0
Horas efectivas								
Ambas xornadas	128,7	129,9	139,5	140,6	144,3	144,0	125,6	125,9
Xornada a tempo completo	144,9	144,8	144,9	145,8	150,2	147,7	144,3	144,1
Xornada a tempo parcial	77,9	75,6	83,9	91,1	78,0	58,9	77,6	74,5
Horas non traballadas								
Ambas xornadas	21,5	22,0	25,6	26,0	20,3	23,0	20,8	20,9
Xornada a tempo completo	24,8	25,3	26,9	27,2	21,3	23,7	24,5	24,9
Xornada a tempo parcial	10,9	9,9	11,4	14,0	9,2	7,1	11,0	9,6
Horas extras por traballador								
Ambas xornadas	0,7	0,6	1,2	1,3	0,7	0,6	0,6	0,5
Xornada a tempo completo	0,7	0,6	1,3	1,4	0,7	0,6	0,6	0,4
Xornada a tempo parcial	0,7	0,5	0,4	0,4	-	-	0,7	0,5

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.5.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2017-18 ⁽¹⁾

	2017		2018											
	Total		Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	67	953	49	799	1	49	22	399	2	58	3	23	21	270
agricultura	-	-	-	-										
industria	15	216	13	422			6	233	1	1	1	6	5	182
construción	1	1	1	27									1	27
servizos	51	736	35	350	1	49	16	166	1	57	2	17	15	61
número de traballadores														
0-5	23		23				11		1		1		10	
6-30	39		18				7				2		9	
31-49	2		5		1		3						1	
50-100	2		2						1				1	
101-250	1		1				1							
251-500	-		-											
máis de 500	-		-											

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial
 Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.3.6.

Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2017-18

	2017		2018	
	Galicia	España	Galicia	España
Total	3.339	57.497	6.083	72.896
Despidos colectivos	1.038	20.813	979	19.957
Suspensión de contratos	1.949	28.257	4.939	49.329
Reducción de jornada	352	8.427	165	3.610

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.3.7.

traballadores afectados, cando no ano anterior esta porcentaxe situábase no 5,8%.

Este incremento do número de traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego ven motivado pola medra das suspensións de contratos comunicados á autoridade laboral no ano 2018 en Galicia (2.990 expedientes máis), que contrasta co descenso experimentado no caso dos despidos colectivos e da redución de xornada (59 e 187 persoas menos, respectivamente).

Os datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria indican que o número de procedementos de regulación de emprego pactados en Galicia volveu a descender de xeito significativo no último ano, acadando os 123 procedementos, un 25% menos que o rexistrado no ano anterior. Asemade, redúcese o número de procedementos non pactados, que se sitúan en 16 (cinco menos que no ano precedente), en tanto que os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas, sitúanse en 21 no último ano un máis que os rexistrados en 2017.

As catro provincias galegas volven a presentar unha diminución do número de procedementos de regulación de emprego pactados en Galicia volveu a descender de xeito significativo no último ano, acadando os 123 procedementos, un 25% menos que o rexistrado no ano anterior. Asemade, redúcese o número de procedementos non pactados, que se sitúan en 16 (cinco menos que no ano precedente), en tanto que os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas, sitúanse en 21 no último ano un máis que os rexistrados en 2017.

As catro provincias galegas volven a presentar unha diminución do número de procedementos de regulación de emprego pactados en Galicia volveu a descender de xeito significativo no último ano, acadando os 123 procedementos, un 25% menos que o rexistrado no ano anterior. Asemade, redúcese o número de procedementos non pactados, que se sitúan en 16 (cinco menos que no ano precedente), en tanto que os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas, sitúanse en 21 no último ano un máis que os rexistrados en 2017.

Procedementos de regulación de emprego 2017-18 ⁽¹⁾

	Pactados			Non pactados			Sen período de consultas		
	2017	2018	18/17	2017	2018	18/17	2017	2018	18/17
Galicia	164	123	-25,0	21	16	-23,8	20	21	5,0
A Coruña	39	33	-15,4	14	8	-42,9	5	4	-20,0
Lugo	11	5	-54,5	-	-	-	4	1	-75,0
Ourense	11	13	18,2	1	1	0,0	1	1	0,0
Pontevedra	96	70	-27,1	6	7	16,7	10	15	50,0
Autónómicos	7	2	-71,4	-	-	-	-	-	-

(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acada un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acada un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería Economía, Emprego e Industria, *Estatísticas de expedientes de regulación de emprego*

2.3.8.

Folgas nas CC.AA. 2017-18 ⁽¹⁾

	2017 ⁽²⁾				2018 ⁽³⁾			
	traballadores participantes		xornadas non traballadas		traballadores participantes		xornadas non traballadas	
					(%)		(%)	
Andalucía	11.005	2,3	36.337	4,3	14.119	3,7	25.545	2,8
Aragón	1.400	0,3	3.748	0,4	4.595	1,2	10.820	1,2
Asturias	5.635	1,2	16.514	1,9	2.410	0,6	3.671	0,4
Baleares	1.110	0,2	1.628	0,2	1.659	0,4	2.305	0,3
Canarias	1.206	0,2	6.142	0,7	2.822	0,7	4.994	0,5
Cantabria	1.753	0,4	2.269	0,3	2.790	0,7	2.950	0,3
Castela-A Mancha	3.682	0,8	5.430	0,6	1.256	0,3	3.102	0,3
Castela e León	4.366	0,9	8.987	1,1	9.825	2,6	16.930	1,8
Cataluña	286.098	59,2	335.516	39,4	96.661	25,5	198.582	21,6
C. Valenciana	6.564	1,4	28.274	3,3	8.183	2,2	24.169	2,6
Extremadura	795	0,2	1.694	0,2	623	0,2	1.201	0,1
Galicia	39.977	8,3	159.566	18,7	13.426	3,5	61.855	6,7
Madrid	50.142	10,4	128.678	15,1	169.555	44,7	425.311	46,3
Murcia	7.486	1,6	10.692	1,3	1.757	0,5	2.419	0,3
Navarra	1.956	0,4	4.750	0,6	2.481	0,7	3.407	0,4
País Vasco	59.389	12,3	100.636	11,8	46.630	12,3	129.709	14,1
A Ríoxa	345	0,1	567	0,1	520	0,1	611	0,1
Ceuta e Melilla	5	0,0	16	0,0	118	0,0	238	0,0
Total	482.914	100	851.444	100	379.430	100	917.819	100

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.

(2) Non inclúe os datos da folga xeral do 3 de outubro en Cataluña, que se atopan en revisión.

(3) Datos avance xaneiro-décembro

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.3.9.

do emprego. Como se reflicte no **cadro 2.3.8.**, Pontevedra segue a ser a que presenta o maior número de expedientes, con 92, vinte menos que no ano precedente, seguida de A Coruña con 45, trece menos que en 2017.

Conflitividade laboral

A análise da conflitividade laboral por folgas realízase sobre os datos de xaneiro a decembro publicados na

Estadística de folgas e peches patronais do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. Ao longo do ano 2018 realizáronse un total de 66 folgas, dez menos que no ano anterior, situándose Galicia por detrás do País Vasco, Madrid, Cataluña e Andalucía no que ao número de folgas se refire.

Xunto a este descenso, rexístrase unha significativa redución tanto no número de persoas participantes como

Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2017-18: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2017	2018	18/17 (%)	2017	2018	18/17 (%)	2017	2018	18/17 (%)	2017	2018	18/17 (%)
Total	27.288	27.941	2,4	26.808	27.461	2,4	437	430	-1,6	43	50	16,3
A Coruña	11.812	11.981	1,4	11.659	11.801	1,2	141	162	14,9	12	18	50,0
Lugo	2.832	3.045	7,5	2.750	2.971	8,0	74	62	-16,2	8	12	50,0
Ourense	2.871	3.095	7,8	2.820	3.046	8,0	46	46	0,0	5	3	-40,0
Pontevedra	9.773	9.820	0,5	9.579	9.643	0,7	176	160	-9,1	18	17	-5,6
Sectores												
Agricultura	1.301	1.306	0,4	1.239	1.237	-0,2	58	62	6,9	4	7	75,0
Pesca	1.015	1.025	1,0	962	975	1,4	47	40	-14,9	6	10	66,7
Industria	8.223	8.796	7,0	8.120	8.695	7,1	99	96	-3,0	4	5	25,0
Construción	3.316	3.569	7,6	3.230	3.465	7,3	73	93	27,4	13	11	-15,4
Servizos	13.433	13.245	-1,4	13.257	13.089	-1,3	160	139	-13,1	16	17	6,3

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.3.10.

no número de xornadas non traballadas. Nos conflitos de 2018 participaron 13.426 persoas, tres veces menos que no ano anterior, o que reduciu ata as case 62.000 as xornadas non traballadas cando no ano anterior superáranse as 160.000.

Tras esta evolución, Galicia acolle o 3,5% dos traballadores participantes en folgas en España e o 6,7% das xornadas non traballadas (8,3% e 18,7% respectivamente no ano anterior). Co devandito descenso Galicia sitúase como a quinta Comunidade Autónoma en termos do número de traballadores participantes nas folgas, por detrás de Madrid, Cataluña, País Vasco e Andalucía, e a cuarta, só por detrás de Madrid, Cataluña e País Vasco, en número de xornadas non traballadas.

Seguridade e saúde no traballo

Segundo mostran os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, o número total de accidentes de traballo con baixa laboral aumentou en Galicia no ano 2018 un 2,4% respecto ao ano anterior, acadando os 27.941 sinistros. Ao igual que no ano anterior, este incremento prodúcese nas catro provincias, manténdose A Coruña como a provincia onde máis accidentes se rexistran, cun total de 11.981 accidentes con baixa en xornada de traballo, por diante de Pontevedra con 9.820 accidentes. Tanto en termos relativos como absolutos,

os maiores incrementos rexístranse en Ourense e Lugo, cunha medra superior ao 7,5% en ambas as dúas provincias (224 e 213 accidentes máis, respectivamente).

O devandito aumento no número de accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves como nos mortais, descendendo pola contra no caso dos accidentes graves. Ao longo do ano 2018, os accidentes leves aumentan en Galicia un 2,4% (653 accidentes máis) e os mortais o fixeron nun 16,3% (7 máis) mentres que os accidentes graves reducíronse un 1,6% (7 accidentes menos). Tras esta evolución, o número de accidentes leves ascendeu a 27.461, fronte aos 430 graves e aos 50 accidentes de traballo mortais.

A distribución sectorial dos accidentes indica como o sector servizos é a actividade con maior número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo en Galicia, ao concentrar o 47,4% dos accidentes, con 13.245 accidentes, situándose a continuación o sector industrial, que rexistrou 8.796 accidentes (o 31,5%) e a construción, con 3.569 accidentes (o 12,8% dos accidentes en Galicia). En relación ao ano anterior, os accidentes aumentan en todos os sectores agás os servizos, cunha redución do 1,4%, rexistrándose os maiores incrementos no caso da construción e a industria, cunha medra do 7,6% e 7%, respectivamente.

No concernente aos accidentes leves con baixa en xor-

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2017-18 ⁽¹⁾

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2017	2018	2017	2018
Andalucía	3.797	3.773	4,2	3,3
Aragón	3.202	3.252	5,5	5,3
Asturias	3.381	3.387	3,4	4,3
Baleares	4.967	4.933	2,7	0,5
Canarias	3.586	3.490	2,4	2,9
Cantabria	2.995	3.031	6,9	4,4
Castela-A Mancha	4.093	4.033	4,9	4,1
Castela e León	3.280	3.351	4,8	5,5
Cataluña	3.134	3.139	1,8	1,9
C. Valenciana	3.077	3.125	3,6	4,0
Extremadura	3.722	3.776	3,6	3,5
Galicia	3.399	3.374	5,5	6,1
Madrid	2.707	2.722	1,4	2,1
Murcia	3.535	3.467	5,4	4,8
Navarra	3.513	3.700	2,6	2,5
País Vasco	3.506	3.304	2,9	3,8
A Rioxa	3.646	3.581	6,9	1,0
Ceuta	3.237	2.710	-	10,7
Melilla	3.174	3.452	-	-
Total	3.334	3.326	3,2	3,2

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.3.11.

nada laboral, o devandito **cadro 2.3.10.** reflicte que o descenso experimentado no sector servizos e na rama agrícola, en tanto que os accidentes graves descenden en todos agás na construción, cunha medra do 27,4% e a agricultura, cun incremento de case o 7%. Por último, no que atinxe aos accidentes mortais, cómpre mencionar que a diferenza do acontecido no ano anterior todos os sectores produtivos presentan un incremento no número de accidentes agás no da construción (dous accidentes menos).

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, descendeu no último ano en Galicia ata os 3.374 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra superior á media estatal (3.326 accidentes con baixa). Segundo os datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, **cadro 2.3.11.**, o índice de incidencia no caso dos accidentes mortais aumenta en Galicia ata os 6,1

accidentes mortais por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (3,2 accidentes no conxunto do Estado), o que a converte na Comunidade Autónoma co índice máis elevado, tan só superada por Ceuta (10,7).

Atendendo á súa distribución sectorial, o devandito descenso do índice de incidencia en Galicia prodúcese tan só no sector servizos, cunha redución do 4,2% respecto ao ano anterior. No resto de sectores aumenta o índice de incidencia, salientando a actividade industrial cunha medra do 3%, e a agricultura, cun 2%. Tras unha medra do 1,2%, a construción mantense como o sector co valor máis elevado, con 6.726,2 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, por diante da industria, que acada un índice de incidencia de 6.653,9 accidentes por cada cen mil afiliacións, e a pesca, con 5.501,9 accidentes (1,5% máis que no ano anterior).

Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2017-18: distribución segundo sector

2017					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.390,37	3.381,34	2.932,10	3.582,35	3.505,25
Agricultura	4.112,01	3.841,05	3.931,10	4.656,79	4.692,70
Pesca	5.422,30	8.726,64	5.467,72	-	3.989,34
Industria	6.461,42	6.264,82	4.910,20	7.205,17	6.795,01
Construción	6.643,96	6.939,37	5.635,26	6.700,07	6.542,75
Servizos	2.326,72	2.367,05	2.134,71	2.404,17	2.315,65

2018					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.368,78	3.342,03	3.083,70	3.768,28	3.385,77
Agricultura	4.193,83	3.820,20	3.961,47	5.529,27	4.573,44
Pesca	5.501,88	9.108,53	6.008,01	-	3.885,36
Industria	6.653,91	6.411,56	4.971,01	7.422,41	7.039,80
Construción	6.726,22	7.153,92	6.387,59	7.579,33	5.904,28
Servizos	2.228,35	2.261,90	2.264,09	2.464,23	2.101,63

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.3.12.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2017-18: continxencias comúns e profesionais

CONTINXENCIAS COMÚNS						
	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	63,56	60,35	16,87	18,48	13.567	15.325
A Coruña	60,04	58,72	17,54	19,31	6.137	6.932
Lugo	76,93	71,10	14,17	15,25	1.263	1.396
Ourense	66,61	61,67	15,06	17,11	1.201	1.405
Pontevedra	63,81	59,40	17,40	18,86	4.966	5.591
Total	38,97	38,65	22,77	24,96	355.784	403.485

CONTINXENCIAS PROFESIONAIS						
	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	50,36	49,37	3,47	3,56	2.838	2.976
A Coruña	49,27	48,21	3,44	3,48	1.228	1.257
Lugo	65,55	61,15	2,88	3,03	283	304
Ourense	48,01	48,97	3,47	3,67	284	307
Pontevedra	48,23	47,52	3,72	3,82	1.042	1.108
Total	37,29	38,05	3,48	3,53	53.405	55.770

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.3.13.

Enfermedades profesionales 2018: distribución segundo sexo e sectores de actividade ⁽¹⁾

Homes					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	11	22	444	91	158
Grupo I	1	-	9	3	2
Grupo II	10	19	264	80	130
Grupo III	-	-	-	-	10
Grupo IV	-	1	152	5	11
Grupo V	-	2	17	3	5
Grupo VI	-	-	2	-	-

Mulleres					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	11	10	244	1	473
Grupo I	-	-	7	-	10
Grupo II	6	8	219	1	385
Grupo III	1	-	1	-	41
Grupo IV	4	-	16	-	4
Grupo V	-	2	1	-	33
Grupo VI	-	-	-	-	-

(1) Grupo I: Enfermedades profesionales causadas por agentes químicos

Grupo II: Enfermedades profesionales causadas por agentes físicos

Grupo III: Enfermedades profesionales causadas por agentes biológicos

Grupo IV: Enfermedades profesionales causadas por inhalación de sustancias e agentes no comprendidos noutros apartados

Grupo V: Enfermedades profesionales da pel causadas por sustancias e agentes no comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo VI: Enfermedades profesionales causadas por agentes carcinógenos

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística das enfermidades profesionais*

2.3.14.

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e continxencias profesionais, **cadro 2.3.13.**, mostra como o número medio de procesos iniciados en 2018 é novamente superior aos iniciados no ano anterior en ambos os dous casos. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns e en continxencias profesionais.

No último ano Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada de toda España no caso das devanditas baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, con 49,37 días de media (38,05 en España), adiantando neste ano 2018 a Cantabria (49,32 días). No concernente ás continxencias comúns, en 2018 Galicia é a segunda Comunidade en duración dos procesos con 60,35 días, fronte aos 38,65 días de media no conxunto do Estado (en Estremadura ascende a 67,35 días).

Finalmente, cómpre facer referencia ás enfermidades profesionais, entendidas como as contraídas a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.3.14.** mostra as enfermidades profesionais segundo grupos e sectores de actividade en Galicia. Ao longo do ano 2018 rexistráronse un total de 1.465 casos, dos que 853 son enfermidades profesionais con baixa laboral (oito casos máis que no ano anterior) e os restantes 612 son enfermidades que non causaron baixa (34 menos que no ano precedente). A industria mantense como o sector con maior número de enfermidades profesionais, con 688, seguido do sector servizos, con 631 (47% e 43,1% do total, respectivamente). No que atinxe ás enfermidades profesionais que causan

Total de accións formativas (AFS), alumnos e importe aprobado. Convocatoria 2018.

	AFS	Alumnos	Importe
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	36	493	1.507.616,80
Accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas. Vía ordinaria (Fondo Social Europeo).	1.135	15.260	51.187.021,29
Convenio Garantía Xuvenil 2018.	46	545	
Medios propios. Realizada en centros de Formación da Consellería de Economía, Emprego e Industria	9	150	142.400,23
Medios propios - Realizados mediante convenio coa Consellería de Educación	83	1.153	3.164.615,77
Medios propios. Realizada en centros de Formación da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xestionados en SIFO II)	21	236	1.539.000,75
Medios propios - Realizados mediante convenio coa Consellería de Educación (Xestionados en SIFO II)	38	410	1.608.453,13
Plans de formación dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas.	300	4.606	2.904.359,75
Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.	73	603	1.000.049,81
Subvencións para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas novas inscritas no Fichero Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.	51	653	2.043.654,30
Total	1.792	24.109	65.097.171,83

(1) Aplicación informática para que entidades que imparten os cursos de formación podan mecanizar os datos
 Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.3.15.

baixa laboral, o sector industrial segue sendo o que presenta o maior número de casos, con 410 casos (o 48,1%), mentres que no caso do sector servizos as enfermidades profesionais que causaron baixa foron 361 (o 42,3%).

Formación profesional para o emprego

No que respecta ás accións formativas realizadas na convocatoria para o ano 2018, en Galicia desenvólvense un total de 1.792 accións formativas, ascendendo o número de alumnos ata as 24.109 persoas. Os datos da Consellería de Economía, Emprego e Industria sinalan que o importe aprobado para estes cursos neste último ano foi de case 65,1 millóns de euros.

O maior número de cursos están dirixidos a persoas traballadoras desempregadas, fundamentalmente a través da vía ordinaria (Fondo Social Europeo). Como reflicte o **cadro 2.3.15.**, ás 1.135 accións formativas dirixidas a persoas desempregadas (vía ordinaria) asistiron un total de 15.260 persoas (63,3% do total), ascendendo o importe concedido a 51.187 millóns de euros, o que supón o 78,6% do importe total.

No que ás características dos alumnos se refire, o **cadro 2.3.16.** amosa que máis da metade dos alumnos son

mulleres (53,3%), situándose esta porcentaxe no 58,6% no caso das accións formativas dirixidas a desempregadas (vía ordinaria) e do 61,1% entre as accións para desempregadas con compromiso de contratación. No que á idade se refire, o 39,4% dos alumnos teñen entre 31 e 44 anos, fronte ao 30,5% correspondente aos maiores de 45 e o 29,9% dos menores de 30. Entre as accións formativas para desempregados, as máis numerosas, os alumnos cunha idade comprendida entre 31 e 44 anos representan o 40% do total, fronte ao 33,6% dos maiores de 45 e o 26,4% dos menores de 30 anos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son as de “administración e xestión”, con 13,6 millóns de euros, “servizos socioculturais e á comunidade”, con 11,4 millóns de euros, e as de “fabricación mecánica”, con 8,2 millóns. En conxunto, estas tres actividades concentran o 51% do orzamento total e o 50,4% do alumnado que asiste ás distintas accións formativas (**cadro 2.3.17.**).

No concernente á **formación nas empresas**, os datos do fichero de contas de cotización da Tesoureira Xeral da Seguridade Social reflicten que o número de empresas potencialmente beneficiarias de accións de formación bonificada ascende en 2018 a 97.039 empresas. O

Accións formativas (AFS) 2018. Alumnos beneficiarios por sexo e grupos de idade

	Total	Sen datos de xénero	Homes	Mulleres	Total	Sen datos de idade	30 anos ou menos	31-44 anos	45 ou máis anos
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	493	-	192	301	493	-	145	206	142
Accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas. Via ordinaria (Fondo Social Europeo).	15.260	39	6.281	8.940	15.260	3	4.007	6.098	5.152
Convenio Garantía Xuvenil 2018.	545	-	297	248	545	-	502	23	20
Medios propios. Realizada en centros de Formación da Consellería de Economía, Emprego e Industria	150	2	81	67	150	-	32	63	55
Medios propios - Realizados mediante convenio coa Consellería de Educación	1.153	2	824	327	1.153	-	427	435	291
Medios propios. Realizada en centros de Formación da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xestionados en SIFO II)	236	1	224	11	236	1	54	93	88
Medios propios - Realizados mediante convenio coa Consellería de Educación (Xestionados en SIFO II)	410	-	272	138	410	-	184	124	102
Plans de formación dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas.	4.606	252	1.997	2.357	4.606	249	863	2.116	1.378
Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.	603	52	456	95	603	52	108	322	121
Subvencións para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas novas inscritas no Fichero Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.	653	2	280	371	653	-	644	9	-
Total	24.109	350	10.904	12.855	24.109	305	6.966	9.489	7.349

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.3.16.

Accións formativas (AFS) 2018. Distribución segundo actividade

	Alumnos	Orzamentos (en euros)
Actividades Físicas e Deportivas	245	428.668,20
Administración e Xestión	4.919	13.575.255,73
Agraria	260	597.413,98
Artes Gráficas	62	221.205,54
Comercio e Marketing	1.912	5.292.813,96
Edificación e Obra Civil	698	1.096.303,50
Electricidade e Electrónica	825	3.584.739,93
Energía e Auga	399	1.717.613,20
Fabricación Mecánica	1.796	8.195.225,64
Formación Complementaria	1.786	1.283.093,99
Hostalería e Turismo	1.099	3.274.667,50
Imaxe e Son	39	178.020,00
Imaxe Persoal	348	1.165.656,06
Industrias Alimentarias	100	191.981,75
Industrias Extractivas	32	177.877,50
Informática e Comunicacions	1.310	5.084.825,14
Instalación e Mantemento	417	1.027.374,51
Madeira, Moble e Cortiza	194	540.935,74
Química	11	97.158,00
Sanidade	707	2.480.460,02
Seguridade e Medio Ambiente	120	306.899,84
Servizos Socioculturais e á Comunidade	5.434	11.402.731,20
Téxtil, Confección e Pel	92	230.058,00
Transporte e Mantemento de Vehículos	1.295	2.891.423,40
(vacío)	9	-
Total	24.109	65.042.402,33

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.3.17.


Empresas beneficiarias potenciales e taxa cobertura 2017-2018. Distribución segundo estrato de asalariados

	2017		Taxa participación (%)	2018		Taxa participación (%)
	Empresas beneficiarias potenciales	(%)		Empresas beneficiarias potenciales	(%)	
de 0 a 9 asalariados	87.340	90,3	23,9	87.224	89,9	24,5
de 10 a 49	8.108	8,4	58,0	8.461	8,7	59,4
de 50 a 249	1.112	1,1	84,4	1.158	1,2	83,6
máis de 249	152	0,2	96,7	165	0,2	91,5
Outras situacións	14	0,0		31	0,0	35,5
Total	96.726	100	27,6	97.039	100	28,4

Fonte: Fundación Estatal para la formación y el empleo

2.3.18.

Empresas formadoras e taxa de participación 2008-18



Fonte: Fundación Estatal para la formación y el empleo

2.3.19.

sector que aporta máis empresas é o comercio, ao acoller o 25% do total, seguido pola hostalaría, cun 15%, a construción, cun 14%, e á industria, co 12%.

Neste último ano, o 89,9% das empresas potencialmente beneficiarias teñen de un a nove traballadores (microempresas), en tanto que un 8,7% teñen entre 10 e 49 persoas traballadoras (pequenas empresas). As medianas empresas (50-249 traballadores) e grandes

empresas (máis de 249 persoas) representan o 1,2% e 0,2% do total, respectivamente (**cadro 2.3.18.**).

En relación ao ano anterior, o número de empresas beneficiarias potenciales aumenta Galicia un 0,3%, o que supón 313 empresas máis. Atendendo á desagregación segundo estratos de asalariados, cómpre mencionar o descenso no caso das microempresas, cunha caída do 0,1% (116 empresas menos), aumentando tanto no

Accións formativas nas empresas 2017-2018. Indicadores económicos

	2017				2018			
	Empresas formadoras	Crédito asignado	Crédito disposto	Asignado / disposto	Empresas formadoras	Crédito asignado	Crédito disposto	Asignado / disposto
	(en millóns de euros)			(%)	(en millóns de euros)			(%)
Agricultura	1.127	1,06	0,61	57,55	884	0,86	0,49	56,98
Industria	3.116	10,24	6,16	60,16	3.217	11,43	6,95	60,80
Construción	3.759	3,71	2,50	67,39	3.929	3,85	2,56	66,49
Comercio	6.042	6,30	4,32	68,57	6.790	6,56	4,38	66,77
Hostalería	4.283	2,32	1,86	80,17	4.091	2,28	1,77	77,63
Outros servizos	8.374	11,23	7,64	68,03	8.621	11,93	8,03	67,31
Total	26.701	34,86	23,09	66,24	27.532	36,91	24,18	65,51

	2017				2018			
	Empresas formadoras	Crédito asignado	Crédito disposto	Asignado / disposto	Empresas formadoras	Crédito asignado	Crédito disposto	Asignado / disposto
	(en millóns de euros)			(%)	(en millóns de euros)			(%)
de 0 a 9 asalariados	20.902	10,11	8,02	79,33	21.380	10,45	8,07	77,22
de 10 a 49	4.706	8,46	5,21	61,58	5.022	9,19	5,59	60,83
de 50 a 249	938	7,45	4,37	58,66	968	7,82	4,70	60,10
máis de 249	147	8,85	5,50	62,15	151	9,46	5,82	61,52
Outras situacións	8				11			
Total	26.701	34,87	23,10	66,25	27.532	36,92	24,18	65,49

Fonte: Fundación Estatal para la formación y el empleo

2.3.20.

caso das pequenas empresas (4,4%; 353 empresas máis) como nas empresas medianas (4,1%; 46 empresas) e grandes (8,6%; 13 empresas máis).

As empresas que realizaron formación bonificada no marco do sistema de bonificacións, **cadro 2.3.19.**, ascendeu no ano 2018 ata as 27.532, o que representa o 28,4% das potencialmente beneficiarias. A devandita taxa de participación medra a medida que aumenta o tamaño da empresas, de xeito que tan só un 24,5% das microempresas galegas realizaron formación en 2018, fronte ao 59,4% das pequenas empresas e ao 83,1% das empresas medianas. Asemade, máis do 91% das empresas de 250 ou máis traballadores realizaron formación bonificada.


En relación ao ano anterior, Galicia conta con 831 empresas formadoras máis (3,1%), situándose a taxa de participación en 2017 no 27,6%. Como reflicte o devandito **cadro 2.3.18.**, a taxa de cobertura aumenta no caso das empresas de menos de 50 traballadores, descendendo lixeiramente no caso das medianas empresas así como nas grandes empresas.

Como se recolle no **cadro 2.3.20.**, as devanditas em-

presas que realizaron formación no marco do sistema de bonificacións empregaron un crédito por importe de 24,2 millóns de euros, o que supón o 65,5% do crédito máximo sobre o que podían bonificarse. O consumo do crédito de formación intensifícase nas empresas galegas de menor tamaño, de forma que as empresas de 1 a 5 traballadores consumiron o 81,3% do seu crédito asignado.


No concernente á participación nas accións formativas, **cadros 2.3.21. e 2.3.22.**, o número de participantes aumentou no último ano ata as 207.372 persoas, o que supón un incremento do 6,8% respecto ao ano anterior (13.512 participantes máis), 3,1 puntos inferior á media estatal. Neste último ano 2018, o 58,7% dos participantes son homes, e o 41,3% restante mulleres.

No que á modalidade formativa e aos contidos se refire, en 2018 o 72,6% dos participantes seguen cursos presenciais fronte ao 25,8% mediante teleformación e o restante 1,5%, segue unha modalidade mixta. A área de competencia que máis participantes concentra é a de seguridade e prevención, cun 26,4% dos mesmos, seguido pola de administración e auditoría, cun 13,9%, e alimentos diversos e compraventa, con 6,2% e 6%,

Participantes formados en Galicia/España 2008-17


Fonte: Fundación Estatal para la formación y el empleo

2.3.21.

Participantes formados en Galicia e España. Distribución segundo xénero


Fonte: Fundación Estatal para la formación y el empleo

2.3.22.

respectivamente. Por contra, en termos da duración media dos cursos, salienta os relativos a sistemas e telemática, con 24,5 horas, por diante dos devanditos cursos de seguridade e prevención e administración e auditoría, con case 14 horas. 

